

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 94 * DO 15 AO 21 DE FEBREIRO DE 1980 * 40 PTS.

IBERIA, NEN CHEGA NEN ACHEGA



UCD-2 A FACIANA MODERNA

O BARBANZA NON QUERE A OTAN

Pontevedra, Sancho Rof e os chanchullos da Alcaldía

Mario L. Rico: non nos calificamos de autonomistas...


O problema afgano como pretexto

Foto: M. LEDO

O SANTO
ANTROIDO



Ilustración: XULIO MASIDE



A "o portador d'isti ricibo" aconsellámoslle que se asegure que o "número" non estea tamén confundido, e o prémio non vaia ser tan de pega coma o idioma. ¡Carai co "banco galego"!

A "INTERVENCION OCCIDENTAL"

O novo goberno da "Alianza Democrática" está poñendo xa Portugal a nivel europeo, cun "gancho" que xa logo a equipara coas suas irmás UCD, UDF, DCI... Xa se sabe que Portugal era cásque o derradeiro reduto onde os movementos de liberación nacional do mundo podían celebraren algun congreso de cando en vez. Pois segundo nota de "El País" do dia 6 pasado, veñen de proibir unha conferencia internacional na que ian participar ETA, IRA, FL eritreo, OLP, Saraiva de Carvalho e outros xa no poder coma o FLN de Arxelia, FRELIMO, MPLA, PAIGC, Frente Sandinista, Baas... ¿Saben cal foi a razón? Dinola "El País": "El Gobierno portugués justifica su decisión por el respeto al principio de no intervención en los asuntos internos de otros países".



¿Non lle ven traza á sonada "europeización de Portugal"? A política da "non intervención" via prohibición é un dos "adiantos políticos" groriosos do mundo capitalista e "occidental".

VIANA, FALTON

Jesús María Viana, "virrei" da UCD en Euzkadi, ven de facer más declaracions do xénero "simpático", desas que adoitando hai atentado ou eleccións. A cuestión é aseguraren a provincia de Araba, que, debeu ser por coñáxio, foi a única da chamada "comunidade autónoma vasca" en que o partido español do goberno gañou as eleccións. "La UCD es la defensora de la autonomía del País Vasco dentro de la unidad de España y de la autonomía de Alava dentro de la unidad del País Vasco".

Velaí un ataque ao independentismo por redución ao absurdo.

Logo tampouco se para en barras. "El Gobierno vasco que se forme tras las elecciones debe tener en el respaldo el apoyo suficiente para poder gobernar".

Coma quen dis que ou hai goberno da UCD ou coma se non houbera Parlamento basco. E para o que val a autonomía...



SINDICATO UNICO, NON. SINDICATO, UN

Domingo 10 de febreiro aparece en "La Región" unha entrevista con Joaquín Almunia, líder non sabemos a que nivel na UGT. E se ve que a UGT non é, xa que queira "colar" o acordo-marco, senón o que todo o resto é "carne de horca", posturas a reprimir, enemigos a espurgar. Bon é que haxa algúm que se clarifique en público... Pero ben, o sr. Almunia ("Autonomía sí, pero hay que respetar la unidad de España", várias veces), deu a "campañada" cando lle preguntaron se

se pode chegar á unidade dos traballadores firmando a UGT o "acuerdo-marco". "Si se entiende por unidad el que la clase trabajadora elimine la división que otros quieren crear en su interior, si Si confundimos unidad de los trabajadores con unidad sindical, es evidente que a esta última no se podrá llegar, porque hay orientaciones ideológicas y modelos sociales distintos dentro del espectro sindical".

Xa saben os traballadores. Pódese chegar á unidade sindical. Abonda con que todos se afilien á UGT. O que hai é moito "espectro".



RENOVE A SUA SUSCRIPCION

Renove a sua suscripción tan pronto chegue o reembolso así evitarános novos gastos de envío.

O novo precio sera de 40 pesetas, a suscripción anual de 2.000 e a semestral a 1.000 pesetas, precio que por agora non afectará aos cobros pendentes.

A NOSA TERRA

Rúa da Troia, 10-Primeiro — Teléfono 981-582613

Apartado 1.031 — SANTIAGO

O Núm. da nosa conta no Banco Pastor de Santiago: 106:735



Nas voces propagandistas é o medio de transporte máis vivo —con el sempre se chega antes—, o da alta tecnoloxía e alambicadas atencions, o dos soportes infraestructurais perfectos, e tamén o medio máis caro, o transporte de "status". Argállanse, mesmo, campañas competitivas entre diferentes vilas galegas para ver se unha traga servicios que de lei outra podería facer.

Na realidade, e por mor dunha estratéxia oficial do transporte aéreo no noso país orientado, por unha banda, exclusivamente cara afora, para sair de Galicia —os negócios a Madrid, emigrar a onde lle toque, rezarián as recetas— e, pola outra, desamparadas estas mesmas comunicacións tocante a servicios elementais dos que falaremos más polo miúdo, como a dotación de repostos ou os medios para comprobar o estado das pistas, e mesmo unha dotación de avións e de personal flutuante e disposta para cubrir antes liñas consideradas "de prestixio" que as galegas e por iso chegan a se convertir nun lugar común os sillóns de Barajas e aturar cada noite a suspensión de vos "porque en Santiago no se puede entrar". O caso é que o transporte aéreo en Galicia vaise definindo como pousón, ainda máis caro polos tempos mortos. A especulación con servicios de primeira necesidade —alimentación, hospederías, autobuses para o traslado a núcleos de población...— e cuns sopresos técnicos e de infraestructura que poden raiar no ridículo.

Se para reseñar a inclusión de Galicia no sistema aéreo de comunicacions botásemos manda data na que chega o primeiro autóxiro a Labacolla, en xullo do 1935, ou do establecemento do servizo regular no 1949 que non vai ser diario astros o 53; se contásemos somente co ano que se inaugura a primeira liña con Europa, no 1973, andariamos a esquencer que non foron causas propias as que configuraron unha historia tan cativa ou non tería nengún senso comun que o mestre de Xove, a principios do século pasado quixese facer un barco que voase; nen que xa no 1879 conseguira elaborar un proxecto de transporte aéreo que nacia con mal sino no entramado dunha nación sen poderes de seu. E ao millor por iso áinda hoxe non existe ningun servizo interno entre os aeroportos de Santiago (Labacolla), Vigo (Peinador) e Coruña (Alvedro) e como ben di un informe do Ministerio español de Obras Públicas respecto do transporte de viaxeiros e mercancías no noso país "todo, el tráfico aéreo sirve a la movilidad exterior".

Estes mínimos de Iberia poderían, eso si, rebaixarse certamente se esta compañía, por exemplo, planificara a distribución de pilotos en función das condicións xerais dos aeroportos e Santiago, a nivel meteorolóxico é de sempre conflitivo e se pola banda do Ministerio de Transportes houbera dotación de novos instrumentos (como un Radar de aproximación) e intención de mellorar o actual aparello de aproximación por instrumentos (ILS). Compraría, tamén, entre outras medidas, axeitar a información meteorolóxica.

RECLAME, RECLAME

E xa que falamos da común suspensión de vos —moitos más dos que o tempo atmosférico dilembramos— que entre uns poucos dereitos dos usuarios, dacerdo coa lei 48-1960 de 21 de xuño, no seu artigo 94 lése:

"Cando o viaxe se suspenda ou retrase por causa de forza maior ou razons meteorolóxicas que afecten á seguridade do mesmo, o transportista (a compañía) quedará liberado de responsabilidades devolvendo os cartos do billete."

E este outro párrafo para os que tantas veces quedan en aeroportos intermedios:

"Se unha vez escorrenzado o viaxe este se interrumpe por calquier das causas suliñadas anteriormente, o transportista quedará obligado a efectuar o transporte de viaxeiros e equipaxes pola sua conta, empregando o medio máis ágil posíbel, astra deixalos no seu destino, a non ser que os pasaxeiro optasen polo reembolso do porte proporcional do traxecto non recorrido.

Tamén terá (o transportista) que correr os gastos de manutención e hospedaxe que se derivan da expresada interrupción".

Outros aspectos das condicións nas que "voamos" e deixamos de voar publicaremolas a seguir; aspectos como o tan inxeñoso sistema de medición da capacidade de frenado (sobre todo cando hai agua ou xelo na pista) que se fai metendo un coche e, frenando, claro... Despois tocaille ao avión no que voste ou alguen dos seus ven.



Foto: M. LEDO

IBERIA, NEN CHEGA NEN ACHEGA

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.

Comisión de Fundadores:
Acosta Bériz, Xoaquín.
Fontenla Rodríguez, Xosé Luis.
López Gómez, Felipe Senén.
Morales Quintana, Xosé Enriqu.
Varela García, César.

Directora: Margarita Ledo Andión

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Redactores e Colaboradores: Xosé Ramón Pousa, Antón L. Galocha, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado, Fernando Franco, Ignacio Briset, Suso Piñeiro, Guillermo Pérez, F. Cusí, Xosefina L. Corral, Emilio Veiga (Países Catalanes), P. Iparraguirre, Maialde (Euskadi), María Alonso (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), Juanjo Navarro, Llatzer Moix, Patiño, Vázquez Pintor. Diseño e Confección: "Galicia, Estudo e Formas".

Fotografía: Brais, Xurxo Fernández, Fernando Bellas. Publicidade: Antonino Fdez. Torrón Tfn. 582613

Dibuxos: Xaquín Martínez, Xulio Maside, Alfonso Cascasas, Xurxo Fernández, P. A. Estevez, Fiz Valcárcel, Pepe Barro.

Redacción e Administración: Troia 10-primeiro Santiago Redacción: 582681 Administración (de 10 a 14): 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset C. Quiroga, 11-15. Ourense Dep. Legal: C-963-1977

Distribución: A Coruña, Librería COLON. Real 24, telf. 222206. Santiago e Lugo, PRENSA NACIONAL, Telf. 583456. Pontevedra, Librería CAO, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora VIGUESA, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora VELO, Telf. 357707. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Rafaels Aratal, Telf. 2433658.

SANCHO ROF ESTA DETRAS

PONTEVEDRA, CHANCHULLOS NA ALCALDIA

A. EYRE

Pontevedra sempre foi unha cidade onde os grupos económicos moveron a política municipal ao seu antoxo.

Na época de Filgueira Valverde, que hai quen di que foi o pior alcalde de toda a historia da cidade, os feitos están para os ver:

Construcción de Celulosa e de ELNOSA. O embalse de Celulosa estraga o río, asulaga unha ponte romana, vai deixar dentro de pouco a Pontevedra sen auga e, ademais, constrúese sen licencia.

Entrégalle á "Junta de Armamento del Ejército de Tierra" o monte vecinal de Figueirido sen cobrar nada. Permite o encauzamento do río Gago así como a construcción de edificios de funcionarios da diputación ("se autoriza el edificio para viviendas sin volumenes ni alturas"). Instalan "Tafisa" en zona residencial. Deixa perder o Parque de Monteporriño para que agora especule nil a Caixa de Aforros. Traslada as verxás de Santo Domingo ao Instituto en que el é o director. Leva o Pazo de Campolongo para a casa de Campo de Madrid e quer trasladar o Mosteiro de Carboeiro para Pontevedra, cousa que non consinten os veciños...

Cousas parecidas fixeron os seus sustitutos, anque en menor escala. García Borregón, ingeniero-xefe de ICONA, Augusto García Sánchez (o fillo e o director do departamento de relacions exteriores de Celulosas) e Queizán Taboada.

Hoxe, con Rivas Fontán as cousas ainda están pior xa que os grupos económicos ainda teñen más forza e más intereses que defender.

Os componentes da Corporación Municipal de Pontevedra están enfrentados. De telón de fondo os intereses económicos.

A UCD de Pontevedra chegou, en principio a un acordo con UG, apoiados polo PCG. Agora UCD e PSOE van xuntos,

os da Irmandade Galega non quieren entrar polo arco. Unidade Galega expúlsalo, cando se presentaran como independentes, e notificalo ao alcalde para ver se pode dalos de baixa de concellais.

Pero se os problemas escamenzaron coa oposición á autopista, agraváronse notablemente coa campaña contra a Autovía e coa concesión do plan de ordenación territorial de Pontevedra.


DETROS DA AUTOVIA, A ESPECULACION

A Autopista do Atlántico depende da Autovía de Ronda e ao revés, a construcción dunha non é posíbel sen a construcción da outra, e a aprobación dunha leva implícita a da outra.

Tanto a Autopista do Atlántico como a Autovía de Ronda, tencionan ir por zonas perto do casco da capital, ocupando unha superficie de 1 millón e medio de metros cuadrados, máis ou menos. Afectarán, ademais, a dous millóns de metros cuadrados de terras, e destruirán e afectarán a centos de edificios, sendo destinadas case exclusivamente a automóveis. Sen desconxestionar nada o tráfico de cidade, suporán, ademais, unha auténtica barreira natural para a sua expansión.

Ambos os dous proxectos, a pesares de estaren promocionados por entres distintos, o primeiro por unha empresa privada, "Autopistas del Atlántico Concesionaria Española, S.A.", e o segundo por un organismo da administración: O Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, están estreitamente conectadas entre eles, responden aos mesmos intereses e proxectáronse no consulting IDASA, estreitamente vinculados ao capital financiero que está por tras da Autopistas do Atlántico.

Os problemas escamenzaron xa cando os acordos para elección de alcaldes, que Fortes Bouzán e



na redacción do proxecto do Polígono Industrial da Xunqueira de Bao.

Os terreos do Bao son de pastos comunais, a autopista torce 17 graus para non meterse a istos terreos, dos que comprou José Maval máis do 50 por cen.

Os outros son de ORPASA, onde tamén Maval é case o único propietario. Dos máis de douscientos mil metros cadrados, só os pequenos propietarios teñen vinte mil.

Estes son os que poñen a cara para que o proxecto se leve a fin, e o seu beneficio vai ser pouco.

TENSOS NOS PLENO E ARBITRARIEDADES DO ALCALDE

Cando se debateu no pleno iste proxecto, contou coa oposición de UG e BN-PG. Pola contra, o Sr. García Braña, do PCG, fixo unha afervoada defensa do plan, afirmado algúns outros que "é o mellor concello que ten UCD", ou "ha prestado un gran servicio a Pontevedra", como dixo o alcalde.

A A.V. de Esteruelas pide permiso para lle informar aos veciños por medio de altavoces do proxecto da Ronda. O alcalde negou por non estar a información pública, cando xa levaba exposto máis de oito días. A A.V. querellase contra o alcalde e este tenta suspenderlle a licencia de obras ao procurador que leva a querella, que xa tiña concesión de habia seis meses, cando no concello de Pontevedra, segundo a comisión de obras, non hai posto prazo ningun... Tamén querer proceder contra unha filla de Fortes Bouzán, que arrestaron por levar botes de pintura, acusada de facer pintadas. Era na campaña contra da Autovía. Os veciños recolleran máis de 3.500 firmas en contra, pesie á oposición das autoridades.

Pero non foi esta a única ar-

bitrariade que cometeu o alcalde de segundalguns dos comunicantes. O Sr. Rivas negouse a celebrar un pleno, pedido polo número de concellais que marca a lei, polo que tamén van presentar recurso contencioso os concellais de Irmandade Galega.

O PLAN DE ORDENACION TERRITORIAL

Pero onde de verdade está desatada a guerra na alcaldía é polo Plan de Ordenación Urbana. Sacado a concurso, axudousele á Empresa Consultora Galega por un 16 por cen máis de votos que a seguinte empresa nos prezos de condicóns (IDASA).

Esta decisión anulouna polo Ministerio de Obras Públicas (Sancho Rof), xa que segundo il non se pedira ainda o 90 por cen ao MOP, cousa que segundo moitos concellais estaba artellado e constatado.

Consultora Galega S.A. presentou recurso por esta decisión.

O MOP manda outro prego de condicóns que non se diferencian do primeiro, polo que se tén que celebrar outro concurso.

Hai xente que afirma que Sancho Rof o que quer é salvar os intereses económicos, dando-lle o plan a IDASA.

MAIS CHANCHULLOS POLOS ROF

O camiño de Lérez e Beduledo estaba aprobado pola diputación para facerse, poñendo en comunicación aos dous barrios. Xa escomenzara, cando un veciño ao que lle collía as terras pediu que se lle fixera un muro de contención, momento en que aproveitou o concello de distrito, tío do Alcalde Rivas, para "se vos poñedes así, lévoo por outro lado e ao carallo".

Por donde o desviou foi ao lado das terras que il tén, deixando incomunicados aos dous pobos. Os pobos opouxéronse a este desmán, e levouse ao pleno

municipal, en que o alcalde se opoñía a que se tratara.

O camiño aprobouse polo lugar orixinario, tal e como os veciños querían.

Poderíase seguir falando de chanchullos; do timo dos nichos, ou da planta de incineración que, rexistrada por varias nacións, D. Sancho lle axudou a Pontevedra. Celulosa, ELNOSA, Contaminación...



Pilar Allegue, BNPG.

Fortes Bouzán, UG.

Foto XURXO FERNANDEZ

co PCG facéndolles a corte. A xente da candidatura de UG está dividida; e en tanto que o PSG non fai nada, o grupo de Irmandade Galega vaise só e o Bloque loita tamén, máis ou menos, en solitario.

Os problemas escamenzaron xa cando os acordos para elección de alcaldes, que Fortes Bouzán e

BARBANZA NON QUERE A OTAN

Alá polo mes de abril do 79, os axuntamentos de Boiro, Porto do Son e Lousame recibían un oficio do Ministerio de Defensa polo cal se solicitaba o prelio por hectárea en montes de Barbanza, comunicándolos, ao mesmo tempo, que os montes estaban sometidos a expropiación forzosa. Para iso seguíase a orden ministerial que viña de ser publicada no BOE, con data do 14 de marzo, sobre da instalación dun radar de control de tráfico aéreo, tanto militar como civil. Pouco despois, o alcalde de Boiro (UCD) recibía a visita persoal dun capitán e dun teniente do Exército. E as sospeitas de que o radar ía ser unha base da OTAN medraban cada vez máis e os veciños comenzaron por esixir os alcaldes dos seus respectivos axuntamentos que se definiran a este respecto. Moitas e variadas foron as posturas, como a do alcalde de Boiro que viña decir que nos papeis non se falaba para nada dunha base.....

Dende aquel entón, o Exército do Aire a través da Xefatura de Propiedades, envía outro escrito, con data do 24 de xaneiro do ano entrante, polo que se fai público a "necesidade de ocupación de Barbanza, zona técnica e acuartelamento no monte Troite nos termos municipais de Boiro, Porto do Son e Lousame". Figuraba tamén a resolución pola cal se celebrará o levantamento de actas previas á ocupación de terreos siitos nese termo municipal.

Amás disto, outra orden ministerial do 8 de marzo do 79 declara urgente a necesidade de expropiación forzosa dos terreos. Estes terreos veñen a comprender en Boiro 6 hectáreas, 60 áreas e 61 ca; en Porto do Son, 4 Has., 53 á, e 28 ca.; e en Camboño, 15 Has., 94 á, e 14 ca. A expropiación dos terreos vaise levar a cabo os días 13, 14 e 15 deste mes de febreiro en cada un dos axuntamentos nomeados.

Diante das graves consecuencias que vai supor a instalación non só no que afecta a economía da Barbanza, basada na gandeira vacuna e cabalar, senón tamén no que trae consigo outros xeitos de vida alleos os dos veciños, os conselleiros do BN-PG convocaron a unha asamblea os alcaldes e concelleiros da Barbanza o domingo pasado, dia 9, deste mesmo mes.

OS VECIÑOS REXEITAN A BASE

A asamblea que asistiron unha gran mayoría dos veciños de diversas parroquias, pero non así os alcaldes nomeados, escomenzou cunha pequena histria do que foran os comenzaos das tentativas do Ministerio de Defensa no que a instalación do radar se refire. Neste senso, o concelleiro do BN-PG de Ribeira, chama á mobilización dos veciños para que os días que se levan a cabo as expropiações amosen a sua disconformidade e que os alcaldes dos axuntamentos non firmen a aprobación das expropiações. Esta alternativa foi a aca-

dada polos outros concelleiros e por todos os veciños unha vez rematada a asamblea.

Pola sua banda, para un concelleiro do AMDG de Porto do Son, os afectados eran só os da parroquia de Nebra, para seguir a falar da sua pretensión de que foran estes os que únicamente se definiran, e se ben amosou unha postura teórica en contra da instalación, salientaria que "non hai nada que facer, aí está e hai que aceptala". Ao mesmo tempo, veu a señalar que nos papeis que fan do asentamento do radar non se dí nada de "Base"....

Porén, o concelleiro do axuntamento de Padrón polo MCG dixo: "A estación de radar ten un nome, OTAN", solidarizándose coa loita que levan os veciños en contra da instalación.

No mesmo senso viríase definir o concelleiro de Muros Anxo Rodríguez, da candidatura TEA, o cal suliñou o feito de que a pesar de ser o alcalde de Muros un dos invitados que non asistiu, tampoco informou ao pleno sobre da sua postura ainda que se

lle solicitara en repetidas ocasións. "Si a corporación de Muros ten un acordo tomado en contra da política nuclear, tamén rexeta a instalación da base militar".

Da sua banda, outro concelleiro puxo a atención do problema na inseguridade que vai trazer consigo a base e criticaria a ausencia dos alcaldes: "se non veñen os representantes do pobo, menos poden vir os labregos..."

Cómo remate, Agrelo Hermino concelleiro polo BN-PG, destacaría o asoballamento que vai a sufrir Galicia polo Estado español de cara a conseguir outro dos seus fins, a instalación dunha Base con face d'e radar.

No debate que xurdíu a continuación, a ausencia dos alcaldes foi a más salientada. "UCD quer metermos a OTAN polos ollos, é lamentábel que os alcaldes, supostamente de esquerdas, non estean aquí. E unha falta de respeito aos veciños...., xunto coa peligrosidade que en todos os eidos traerá consigo a base. "E unha agresión máis, como Xove, como a Autopista....."

XURXO FERNANDEZ



NACIONAL

crónica política

Unha vez rematado o congreso do PSG no que, ao parecer, se ian tomar importantes decisiones en materia de política sindical e organizativa, seguimos sen saber cásas foron. Todo quedou, segundo dan a entender as declaraciones públicas dos sus dirixentes, no estado no que se estaba denantes da celebración. No tocantes á cuestión sindical, repítense o obxectivo ideológico de estar pola Central Sindical Galega Unica, assemblearia, independente dos partidos e autoxestionaria, o que non deixa de constituir unha declaración de boas intencions, pero situada no nivel da abstracción e da vaguedade, inoperantes boxe. O reconocimento da libertade de afiliación para a militancia, sen decidirse á potenciación e consolidación da ING, única central galega que existe, indica os deseños de manterse na ambigüedad en matéria tan sintomática e urxente para o nacionalismo.

FAVORABEIS E RETICENTES

No tocantes á posibilidade de fusión co POG, si ben as circunstancias afogan imperiosamente, pospusose o tema deixa ser estudiado por unha comisión ao efecto, o que indica certa tirantez e enfrentamento entre os sectores favoráveis e os reticentes a tal saída.

Si no caso sindical a ambigüedad pode responder á incapacidade para controlar e dirixir unha Central, que se caracteriza pola sua liña abertamente anticolonial e anti-monopolista, e a non querer correr os riscos que se derivarian do enfrentamento que, neste campo, existe no país, a lentitude do proceso de fusión co POG deberiase a sérias dúbidas sobre das intencions nacionalistas dunha grande parte da base deste partido e dos seus persoallos cara o futuro, aparte de cuestiós de protagonismos, nada desdeñables á hora de realizar a operación definitivamente.

O que si está claro non soio para o PSG, senón para os outros partidos integrados boxe en UG, é a necesidade imperiosa para a sua subsistencia, de manter esta coalición, custe o que custe, e a pesares de todas as crises. Este aspecto si quedou ben nido no Congreso do PSG, e así se deduce tamén das notas de prensa dos outros partidos que integran a coalición. Polo menos, esto é necesario de non darse certos corrimientos e apoios ao galeguismo denominado moderado, por parte de burguesia intermedia, que todo parece indicar non se produzán antes do referendo estatutario.

A ESPERA DA RECTIFICACION GUBERNAMENTAL

Non sabemos cáis é o alcance real das declaraciones de Meilán Gil sobre da necesidade de que o Goberno rectificase certos errores cometidos na negociación do Estatuto de Galicia, precisamente a disposición transitoria terceira, principal motivo de disputa e enfrentamento coa esquerda estatalista e o galeguismo autonomista. O que si sabemos é que as declaraciones toparon certo eco no PG, disposto a esperar o subsanamento das "deficiencias" estatutarias. Entón sería posible o seu apoio ao Estatuto, o que evidentemente significaría un primeiro paso na apertura dun xogo político "galeguista" por parte da burguesia intermedia, á espera do momento oportuno para garantir o éxito da operación. De verificar este suposto, a coalición UG tería o primeiro paso dunha crise profunda, derivada da sua orixe electoralista e da sua incoerencia ideológica e política.

O que resulta indudábel é que o panorama político galego ten necesidade de clarificación, e que esta vaise dar, por máis que se intente promover o confusionalismo. As posicións autonomistas, no campo formalmente galego, verán cada vez máis coutada a sua posibilidade de acción social popular e de atraguer ou confundir a opinión pública realmente nacionalista, o que, obxectivamente, vai beneficiar a asunción doutras alternativas, basadas na soberanía nacional, tanto na práctica organizativa como no contido político.

resumes

FOLGA DO METAL DE OURENSE. Ven de solicitarse folga legal polas centrais CC.OO e ING, como consecuencia da postura pechada da patronal cara a discussión do Convénio Colectivo. A UGT, que fora expulsa polos propios traballadores da comisión negociadora, tenta boicotear a folga, xa que mantén un perfeito acordo coa patronal debido aos pactos firmados coa CEOE. A UGT é minoritaria no sector en Ourense.

UN LAPSL. A semán pasada informabamos da detención de dous traballadores da información, como consecuencia dunha manifestación estudiantil; como moitos lectores apreciaran non se indicaba onde se produciu, foi en Santiago, claro.

SOLICITASE FOLGA LEGAL NA CITROEN. Dada a cerrilidade da postura empresarial na negociación do Convénio Colectivo, unha das últimas ocorrências da dirección da Empresa foi amenzar veladamente cunha redución de plantilla e con que non recollería as seccións sindicais que tiveran menos do 15% por cen dos votos, e iso se firmaban o Convénio.

Ademais disto houbo algúns contusionados cando se celebraba unha Asamblea a saída dun turno, un grupo numeroso de cadros e oficinistas de Citroën algúns con porras tentaron boicotear o acto. Os boicoteadores pertenecen na sua práctica totalidade á central amarela CGDT.

UN RUMOR. Que se ollamos a nosa historia pode ser premonición; decíase en Lugo esta semana pasada que a "Fábrica de laminación do Alumínio", unha das industrias derivadas da posta en funcionamento da Empresa "Aluminia/Aluminio", ubicábase en Asturias. Como sea así, seguirá o de sempre, ademais de colonizados, "fluorizados", gráciás España.

O PCG FIXO PROPOSTAS A PSG E POG, PARA UNHA CONVERXENCIA ORGANICA NO FUTURO. Co obxectivo de acordar un gran partido eurocomúnista en Galicia; o POG respostou decindo que de iso nada, que o que eles querían era a unión co PSG.

Ao mesmo tempo CC.OO quitou un comunicado atacando ao POG sobre da creacion dunha nova central sindical galega, no comunicado decian que tiñan cen mil afiliados (?), e que como CC.OO. "nin falar". Asimismo acusaban ao POG de tentar dividir máis á clase obrera e de confundir o panorama. Unha de cal...

Dous membros da Executiva Estatal do Metal de USO, deronse unha volta por Vigo. E viron que a cousa non andaba moi ben, dixerón á Prensa que consideraban escindida á USO viguesa, pero que de todos os xeitos a USO verdadeira (a de Zaguirre non a de Merimée) continuaria existindo. Acusaron aos descontentos de tentar potenciar un sindicato nacionalista, utilizando o nome da USO.

"ESTAMOS NO CARNAVAL, QUE NON CHE PAREZCA MAL"

"O Antroido ten unha función liberadora de enerxías reprimidas, que se reflexan ou realizan de xeitos diversos. Subversión do orde establecido, inversión de valores, fusión dos contrarios, licéncia sesual, sátira, burga, profahación..."

Miguel Pérez Romero.
(A NOSA TERRA, núm. 3).

O Antroido celébrase en toda a nación galega de maneira diferente segundo as partes, anque haxa pobos distantes en que estas festas sean semellantes. Todas as vilas, parróquias e lugares teñen algunha particularidade ou peculiaridade no Antroido, escomenzando xa polas datas, que anque duran duas semanas e media, os días principais, non son os mesmos, sacando domingo e martes.

Cadaquén ten o seu persoaxe peculiar adaptado as costumbres e as necesidades da súa xente. O "Maragato", o "Cencerreiro", o "Domo", "Troteiros", o "Vello dos Cornos", a Morena", o "Albardeiro", os "Danzarins" e a representación dos más variados oficios: curas, médicos, escribans, xenerais, alcaldes, caciques...

As duas festas más populares dentro do Antroido galego son, sen lugar a dúbida, a de Laza e a de Merza. Dous Carnavais diferentes anque con sinos coincidencias.

O ano pasado estivemos en Laza, iste, tocoulle a Merza.

"DANOS ALGO PARA PODER OPERAR A UN ENFERMO QUE TEMOS, QUE SE O LEVAMOS AO SEGURO CERTO QUE MORRE".

O máis significativo do Antroido de Merza, podemos decir que é a crítica satírica. O Domingo de Corredoira a parranda sae polos lugares adiante pedir para



poder celegrar a festa.

Este ano ian vestidos de cirianos e enfermeiras case unha dúzia de homes e mulleres, atrás os Xenerais montados en caballos, os Frades e os Mouros. Os anos anteriores a parranda ia vestida de "galegos".

Pola súa corredoira e eiras van cantando coplas e lucindo a súa multicolor vestimenta.

Namentras, no pobo perto da igrexa a xente devítense cos

"Motoristas" que poñen orden, ou cos campesiños que fan mil maremúedas cos burros, que este ano forman a Xunta.

Van tirando por un arado feito dunha soa peza de pau de carballo, timón, rabiza, teiroá, só que non ten palmela. Diante vai o burro cargado cos sacos de grau para a semente. Detrás vai outra xugada de pacientes burros tirando por unha agrade donde vai sentado un fuliqueiro: "Mirade

carta entreaberta

Comen no mesmo maseiro

Querida Directora:

O outro dia saúna na primeira plana dun periódico rexional unha noticia ben pintoresca, ainda tendo en conta que de noticias pintorescas temos o cupo cuberto todos os días. Mira se non: "Plenario de UCD gallega en Madrid". Manda carafío!

O máis curioso é que o asunto principal era se se formaba ou non un "comité Regional" do moi autonómico partido do goberno. Por supuesto, decisión tan grave non se pode tomar en Santiago non en ningunha outra das cidades galegas. Hai que contar coa proximidade paternal e o consello raudo, se for preciso, dos grandes popes, e os grandes popes non che son Quiroga nem Rosón tampouco, que estes sonche popes de segunda, moi pra andar pola casa, moi rexionás.

O consello preciso en tan graves e trascendentas momentos éche se acaso o do señor Suárez ou dalgunha das grises eminencias da Moncloa.

Estes da UCD ás veces sonche dun candor, dunha



inocencia franciscana que abraia en tan jesuítica catropéa. O Mingote, que é un señor amigo meu, así coma moi fino nas suas maneiras e no seu falar, díxoo porén en palabras más ben de cantiga de escarnio: "Eche coma quen se leva mal coa muller, e enriba chega á casa e cágalle nos mantés".

Como xa che teño dito, eu xa non gano pra sustos. Por eso aquela frase de Shakespeare é cada vez más certa: "Hai más cousas na UCD e no PSOE, querido Horacio, das que pode soñar a tua filosofía".

Uns votan si e outros seica van votar non. Uns din ha-che e outros din b, pelean no parlamento, arman grandes pifostios verbás, chámanse as dediós, rétanse a debates e parece que se levan coma cans e gatos. Mais despois resulta que comen no mesmo maseiro.

Uns votan si e outros seica van votar non. Uns din ha-che e outros din b, pelean no parlamento, arman grandes pifostios verbás, chámanse as dediós, rétanse a debates e parece que se levan coma cans e gatos. Mais despois resulta que comen no mesmo maseiro.

DARIO XOHAN CABANA

estes burros son como nos arreamos con todo o que nos poñen e o máis que facemos é ornear..."

Os fuliqueiros nameñártan o do cesto lle "sementa serrín" a todos os miróns, fanlle mil falcatrúadas aos burros. Bícanos, abrázanos, móntanos, vóltanos para tras... logo querenllas facer beber pola bota: "pero mirade non nos entendemos, como son señoritos dalle por falar o castelán e a nós o galego, pero mira que son tercos, pois van quedar sen beber". Outras mascaretas botan a buenaventura.

Cando a parranda e os acompañantes recorren xa a parroquia, concéntranse para facerlle a operación a un año que comerán para o sábado próximo. Ali o ciruxano Sr. Chapuzas e os seus axudantes, entre cánticos, coplas e responsos de crego, realizan a parodia dunha operación no Seguro. Sen saber de que é o mal, fan que lle sacan ao probe do año todas as suas visceras. Ao final, xa arrespondado, ten que marchar con el a ambulancia que o trouxo.

"QUE VAIS HACER VOSOTROS SI NO TENEIS PARLAMENTARIOS"

A continuación, diante de máis de catromil persoas vai ter lugar a batalla entre os exércitos de Madrid e o Galego.

Primeiro discuten os dous sargento, un por cada bando, logo dous capitáns, dous comandantes e por último os xenerais: "Soy el General en Jefe de los valientes guerreros y estoy aquí con mi espada para derrotar a los Ucedenses".

A batalla en verso entre os distintos exércitos segue a perorata do Escribano "que veño contarvos as irregularidades que vin no meu camiñar pola parroquia". Así vai enumerando as liortas, rifas, etc. que todo o ano aconteceron... Así vos digo: non me estranha que sea así a autonomía...

O parzamique pasa a ser lo go entre labregos, que xa non fala o español como os anteriores senón que o fan en galego e vestidos de mouros, cousa "que sempre se fixo así e non sabemos porque é, debe ser para que non os reconeza a xente,

Van pasando unha panorámica dos problemas, dos chanchullos, criticando todo o criticábel.

Logo subese o padre ao púlpito, instalado na cima dun alcornoque, a catro metros de altura e bota o sermón criticando as mulleres, aos bingueiros e clamando ao ceo contra dos que piden o divórcio. Sempre foi un frade, pero este ano, houbo dous. O que sermoneou a continuación era máis liberal e rebatiu o sermon do "meu compaño de convento... que fala ben do casamento..."

Ao final quéimase o antroido que é quem "tivo a culpa de todos os males e falcaturadas que ocurridas na parroquia".

Coa queima do Antroido todos quedan amigos, astra os que se meteron con eles nas coplas, letra que ninguén sabe astra que é cantada.

Despois baile coa Banda de Merza e o seu grupo de gaitas que xa antes amenizou o recorrido dos frades.

Este ano faltou o "home dos Cornos", un dos más típicos persoaxes. O máis satírico que a todo lle encontraba punta.

Mario López Rico, arquitecto, encargado das Relacións Exteriores da Secretaría Colexiada do PSG

MARIO LOPEZ RICO

"Non nos calificamos de autonomistas..."

Cando se rachou o Consello de Forzas Políticas Galegas, o PSG fixo unha declaración pública no senso de "a defensa irrenunciábel das Bases Constitucionais" e que "o pobo galego xuzaria...", ¿qué ten que xuzgar agora o pobo?

Para nós as Bases Constitucionais, que redactamos conjuntamente coa UPG, eran un programa para unha ruptura, non para unha reforma pactada. Contéplanse unha boa chea de condicións que se teñen que dar, ou que esixiríamos nós, os nacionalistas, para que nun momento de ruptura a creación dun case estado galego, sirvan de base para unha constitución federal de Galicia, dentro dun Estado Federal español xa que nós nunca renunciamos a elas. Pero, nós consideramos que xa que non se produciu esa ruptura non era correcto aplicarlle esos criterios a outro proceso. Se realmente se exercera o poder constituinte ao mesmo tempo en todos os pobos do Estado, e non pactado xa a nivel de dereitas, cunhas forzas políticas que se prestaron a ese xogo, a nivel estatal, forzas centralistas, si se podería. Neste momento, as Bases son unha referencia de condicións que se teñen que esixir para un futuro pacto federal ou para unha futura ruptura, pero non para a transición que se deu...

Beiras, nun tempo dirixente do PSG, definiu a situación de Galicia como colonial...

Si, efectivamente. Galicia é unha colonia pero cuns rasgos distintos dos que poída ter, por exemplo, unha típica colonia tercemandista, que ainda que ten estado próprio sigue a padecer unha dependencia económica. No caso galego é un colonialismo interior, que para nós ven definido por un bloqueo institucional, por unha impossibilidade de institucións políticas propias. Ben sometidos indirectamente ao capitalismo mundial, ben a oligarquía española, como é o noso caso, todos estamos sometidos ao colonialismo do imperialismo mundial.

Aínda recén a saída dun grupo de xente cualificada do PSG de cara a formar o Colectivo Socialista Galego e integrarse posteriormente no PSOE, ¿cómo lle afectou este cambio ao PSG?

Ben, afectoule no senso... afectar non ten porque ser nun senso negativo..., simplemente produciuse dentro do PSG un debate ideolóxico moi serio e que levou á cristalización de duas posturas, unha, a de manter o PSG, que por suposto foi a maioritaria xa que a outra xente tivo que largarse do Partido... Esta xente para nós renunciou a razón de ser do PSG, do que era o Partido, é pre-

firiu integrarse nun partido social-demócrata centralista, cousa, por outra banda moi respetable para quen o queiran ser. Doutra, afectou no senso de clarificación, de reafirmación do Partido no papel que ten que xogar na política galega. Quizais se houbo un aspecto negativo foi que nos entretevemos nunhas loitas e debates internos que nos ocuparon tempo d'abondo e que nos impediron, ante os primeiros meses do ano 78, facer unha política de consolidación do Partido. Pense que hoxe forma parte da historia e que está superado completamente...

Falando do PSOE, ¿qué podedes decir da aprobación de siglas...?


Para nós a usurpación, que é a palabra fina de roubo, é unha cousa inadmisíbel, fora de toda ética de calquera tipo, propia da política apisonadora do proceso de implantación do bipartidismo de Estado, aplastando calquera alternativa que non sea a da UCD ou a do PSOE...

Nembargantes, de cara a algunas movilizaciones aparecen as firmas connexas...

Si, pero isto ten unha clara explicación. Por supuesto, unha das condicións que tentamos imponer foi a de que o PSOE non poidera figurar con esas siglas. Pero, dado o momento político considerabamos necesario, polo ben de Galicia, que se fixaran esas mobilizaciones e dado que realmente, salvo moi raras excepcións, non contamos co apoio de ningunha forza política para que prevaleceran as nosas teses de que se o PSOE quixera firmar que o fixera coas suas siglas, e non coas que nos teñen usurpado a nós, plegamonos transitoriamente. Pero non foi un recoñecemento das siglas, senón que nós seguimos pola via xudicial, como temos emprendido a cuestión das siglas, e non foi nada. Simplemente foi tragar un pouco de bilis, de aguantarnos porque considerabamos que era máis importante que manter nese internte a esixencia de que non tiveran esas siglas...

O PCG, en Vilagarcía, fixo unha chamada de cara á creación dunha formación política común, que abarcara dende os partidos marxistas da UG astra o mesmo PCG, ¿cal é a vosa opinión?

Nós recibimos no Congreso unha comunicación do PCG nese sentido, leuse pero non se entrou en ningún tipo de debate nem de valoración porque non estaba previsto nas matérias a discutir no Congreso. Por isto só pode decir que a nivel de Partido non hai ningún criterio establecido en canto a política estratéxica non de política táctica dun proceso



Fotos XURXO FERNANDEZ

dese tipo. O cal non quere decir que a nivel de órganos temporais do Partido, Executiva ou Secretaría, non poida haber unha confrontación, debate ou intercambio de opiniões co PCG ou co POG para.... nós non nos negamos a falar de nada, o cal non quere decir tampouco que esteamos por iso....

No voso congreso creouse unha comisión para tratar da posibel fusión co POG...

....Posibel fusión ou non...

E se astra o de agora a vosa práctica foi moi distinta da do POG, ¿como vai afectar todo isto?, ¿POG ou PSG?

Pode quedar POG e PSG. Nós, en xaneiro do 79, fixemoslle unha chamada o POG de cara á clarificación do espazo político, un debate entre o POG e o PSG para ver se había d'abondas diferencias para que forámos partidos distintos ou se as diferencias eran pequenas tentar de limalas para

O POG tamén tenta a formación dunha central sindical. Hai quen opina que é para aproveitar a desfeita da USO e confundir á ING...

A central sindical galega única, de clase, democrática, independente dos partidos políticos é un dos obxectivos da estratéxia sindical do PSG irrenunciábel. O PSG sempre estivo por unha central sindical nese sentido. Outra cousa é como se chega a esa central sindical galega. De todos xeitos, hoxe non podemos decir cal é o camiño. O que si podemos decir é que os nosos militantes están a traballar por esa idea nos sindicatos nos que están afiliados. Quero decir con isto que o PSG, como tal organización partidaria, non está por invertir directamente neste proceso. Precisamente porque defendemos a independencia dos sindicatos respecto aos partidos políticos, son os militantes como tales os que deben levar ali a sua opinión. Pero nunca o PSG se xuntará con vários partidos de cara á creación dunha central sindical. A central sindical galega ten que ser unha confluencia de correntes sindicais e dun estado de opinión que non pode levar a adiante un partido político.

¿En qué vai influir fundamentalmente este voso Congreso que se ven de celebrar?

Hai unha continuidade total respecto do outro congreso. Basicamente foi para profundizar unha chea de definicións que tiña o PSG a nivel moi abstracto e que se concretaron máis. Respecto da política táctica, nós estamos pola continuidade da UG que consideramos que no seu momento foi a posibilidade de unidade dos nacionalistas galegos pola negativa do BN-PG a sentarse con nós a falar para ver de facer unha candidatura unitaria de nacionalistas galegos. A nosa idea de crear unha mesa consultiva de nacionalistas galegos viuse interrompida polo proceso electoral. Hoxendía pensamos propor de novo a todos os nacionalistas galegos a constitución dessa mesa consultiva. Non se trata tanto de establecer xa alianzas tácticas como de polo menos sentarnos nunha mesa e, ante feitos políticos que acontezan no país, coñecer as distintas miras que poidan existir nos partidos nacionalistas. Non rexeitamos que saia calquera tipo de acordo. Pero, en principio, a nosa idea é de que nos sentemos a falar.

Hoxendía, Galicia está a sufrir unha chea de problemas como é o da represión lingüística....

Coidamos que isto é un aspecto máis, moi doloroso, dunha derri-

(Pasa a páxina seguinte)

(Ven da páxina anterior)

tización que se está a dar. Existe una agresión moi forte da dereita, de UCD sobre todo, que realmente está a provocar unha regresión, nalguns eidos. E decir, nós temos ensinantes que levan anos dando as clases en galego e que nunca tiveron problemas astra que se lexislou a cuestión do bilingüismo... para nós non é bilingüismo. Neste senso, case estabamos mellor cando non estaba lemos mellor cando non estaba lexislada esta cuestión.

Respecto doutros problemas como a entrada no MC e os intentos da OTAN de instalar bases en Galicia, como xa está a contercer na Barbanza...?

Nós en principio somos contrarios á política de bloques. Diante disto temos que adoptar unha postura crítica. Respecto do MC vemos que é inevitável e que os nacionalistas non temos forzas para que Galicia non entre no MC. Isto vai ser nefasto para a economía galega, agudizaráse a irracionalidade da industrialización actual, expulsión total da man de obra do campo, é decir unha crise total do agro. Penso que tamén vai provocar un aumento da emigración e, por caricaturizar un pouco, en Galicia o que van quedar son eucaliptais e industrias de enclave, como celulosa, alumina...

Como forza autonomista, ¿qué pensades do camiño que segue o proceso estatutario?

Non estou dacendo coa calificación de forza autonomista. Somos unha forza que xogamos no campo da autonomía como xogan outras forzas nacionalistas que se din non autonomistas e que, a fin de contas, non lleves que dala más remedio que acudir a unhas eleccións. Nós o que pretendemos en cada momento foi adoptar unha postura moi crítica.

Sempre estivemos bailando entre o que é constitucional e o que non é constitucional. Isto é un paso, mellor que un Estado integral con catro provincias, mellor que exista un Parlamento Galego... e veremos que pasa....

XOSEFINA L. CORRAL



FENE O "PLAN" SAIU



O pasado dia 6 de febreiro, pasará aos anais desta pequena "História da Transición" como a data na que por primeira vez en Galicia celebra un axuntamento, o de Fene, celebra a sesión municipal nun cine. O mesmo dia saía na prensa unha carta dun veciño do concello de Mugardos en que se criticaba ao alcalde por lleter pechado as portas ao público para que non puidera asistir a un Pleno.

"VOTAR E LISTO"

"O Pleno que nós traemos aquí e o que se vai facer, e o que hai que facer é votar e listo". Este foi o falar do representante dos tres grupos PC-PSOE-UG, que presentaban un programa conxunto de acción municipal para o ano 80. Antes del, os concelleiros do BN-PG, e maiormente Ramón Bello, presentaran un programa no que se incluía unha demorada exposición de dados e cifras a invertir nas executóriás que a coalición nacionalista propoñía para este ano xa encetado. Unhas duacentas persoas asistían a este sesión no Cine Franlaza, sesión que como diría o alcalde, Xosé María Rivera, "é o primeiro Pleno que se realiza fora do axuntamento en toda Galicia, nun intento de achegar a acción municipal a todos os veciños".

MOITA, MOITA IDEOLOXIA

No turno reservado aos concelleiros, o representante do grupo que non presentara plan, CD (os dous concelleiros da UCD non apareceron, e o "independente" hai tempo que tén pedida a baixa, con toda a sua candidatura), fixo a sua valoración dos dous programas, nas únicas intervencións feitas en español en toda a noite. Dixo que ambos os dous programas eran coincidentes nun 80 por cen, soio que "el del Bloque está cuantificado, y el otro no pasa de ser una mera declaración de principios". E aí foi onde saltou o concelleiro do PC Xosé Piñeiro, que sería o responsable da primeira "suba de tono" da noite. Empezou dirixíndose ao concelleiro Maximino, de CD, decindo que no seu intento de "estar por riba dos partidos, facía de Espíritu Santo". Pero xa moi axiña pasou a atacar ao BN-PG, que detentava a alcaldía, dando a entender que moi logo por non ir visitar á Xunta ou ao Presidente do Goberno español... non se facian as cousas no axuntamento. Pasando logo a acusar ao Bloque de falla de unidade para a elaboración dun programa municipal conxunto.

Os veciños agardaban esta resolución con desconfianza, temores que se viron confirmados, xa que o xurado desestimou as alegacións declarándose incompetente diante da sentencia do Tribunal Supremo do ano 63, que lle concedera a sua propiedade a empresa INRUMR, S.A., tapadeira legal do conde de Canalejas.

A sesión, celebrada no medio dunha gran tensión contou con numerosa asistencia, entre a que se contaban representantes do Axuntamento, Cámaras Agrarias, Comisión de Pescadores e Sociedade de Caza.

O BLOQUE DEFENDESE

Ramón Bello limitariase a facer unha pouca histoirial. "Se é certo que nos chamaron de cara ao programa, foi despois que xa o tiña feito entre eles tres, e que astra xa o tiña publicado a prensa. A proposición non era de elaborarmos un programa de síntese, senón de ratificarmos polas boas o deles". Referiu tamén Ramón Bello aos comenzaos da nova Corporación no ano 79, cando el mesmo falara con cada un dos tres grupos para realizar a nivel de comisión un programa de acción municipal e non lle deran resposta. "Se ve que estes bos desexos", diría o concelleiro nacionalista, "non eran os mesmos daquela".

As entidades cidadás tiveron un turno de palabra. Ao final, vieran criticadas en base á sua falta de representatividade e denunciadas as suas posturas como "coincidentes coa liña ideolóxica dalgún partido de ámbito estatal".

E a votación deu o que se agardaba dela. Os 9 votos dos seus concelleiros para a proposta de PSOE-PC-UG, os seus 4 para o Bloque, e a abstención do municipio de CD. Curiosa a inasisténcia de UCD. Esto era unhas das causas que a última hora se comentaba.

SUSO PIÑEIRO

ALDAN O XURADO SEN RAZON

O Xuzgado Provincial de Montes en Man Común de Pontevedra reunouse para emitir sentenza que quedara pendiente do dia 15 de novembro do ano 79, sobre o monte de Aldán, en Cangas de Morrazo, reclamado popularmente.

Os veciños agardaban esta resolución con desconfianza, temores que se viron confirmados, xa que o xurado desestimou as alegacións declarándose incompetente diante da sentencia do Tribunal Supremo do ano 63, que lle concedera a sua propiedade a empresa INRUMR, S.A., tapadeira legal do conde de Canalejas.

A sesión, celebrada no medio dunha gran tensión contou con numerosa asistencia, entre a que se contaban representantes do Axuntamento, Cámaras Agrarias, Comisión de Pescadores e Sociedade de Caza.

BUEU O NAUTICO CONTRA O POBO

A principios do ano setenta e sete escomenzábanse na praia de Bueu (Pontevedra), de banda do río, as obras dun complexo de recreo do Círculo Náutico, ocupando parte dunha concesión que disfrutaba a Cofradía de Pescadores, Cofradía que según moitas opiniós era manipulada caciquilmente, de maneira especial polo Secretario, como ocorre con moitas outras. Nese momento, non contaban, os de tan feliz iniciativa, coa aprobación do ministerio correspondente nem doutro tipo de permiso.

O proxecto deste complexo de recreo consistía en piscina, pista de ténis e local social -soño de certos señoritos de Bueu e de dous amigos veraneantes-, e de levárense a termo víria a significar a ruína dos pecadores de baixura de Bueu, por ser o único lugar onde poden barar os barcos ao abrigo, pintallos e arranxalos. Por esta razón, xa dende o primeiro momento, foi grande a oposición popular.

No outono do mesmo ano, 1.977, un escrito de denuncia do Sindicato Galego de Traballadores de Mar a organismos como o axuntamento, delegado Provincial do Ministerio de Urbanismo, Junta do Puerto e Ría de Pontevedra, avalado por numerosas firmas más a celebración de multitudinarias asambleas de mariñeiros, deixaron daquelas ben clara a opinión popular respecto da construcción do Náutico.

A pesar da protesta pública os organismos oficiais, pronuncianse pola construcción do Círculo Náutico. Así a Comisión Provincial de Urbanismo a finais do 77, disé que coa firme presión do Gobernador Civil, emite informe favorable.

Logo a Comisión Municipal Permanente de Bueu, con todos os seus membros sócios do Náutico, otorga a licéncia municipal, legalizando así unha obra feita a base do medo que reinaba no posfranquismo. Porén así como

Con esta resolución sentouse un grave precedente xa que se teme que sigan a mesma sorte outros montes que están en parellas condicións. Así o manifestou o presidente do xurado referíndose ao monte de O Grove.

Segundo declaracions de representantes dos veciños istos xurados están compostos conforme as leis franquistas e "respostan a intereses caciquis", como afirmou Abalo Costa, en dita sesión, frase pola que o Gobernador amenazou con expulsalo.

Os representantes de CC.LL recalcaron a sua proposta de constituir un xurado composto por representantes lexitímos dos intereses veciños, Axuntamento, Cámara Agraria, etc. e os veciños afirmaron que recurrirían contra esta decisión que perjudicaría os seus intereses en favor dos de sempre.

se ergueu o edificio, a oposición dos veciños foíndo desfacerse pouco a pouco astra queda hoye pouco menos que os escombros.

Por outra banda, como declarou publicamente o alcalde Xosé Novas, as ocultas promesas electorales, saíron á luz. Así, Sancho Rof, que puxo aos seus na listas municipais, todos directivos do Náutico, quedaba en evidencia nomeando ao número un, Manuel Freire Lino, Presidente da Xunta de Obras del Puerto de Pontevedra, e así, en decembro do 79 aprobaban a concesión, mediante decreto lei, dunha parcela de 700 m. cuadrados para a construcción do Club Náutico. Pero a oposición popular, en especial os mariñeiros, volveuse por de manifesto impedindo que se realizasen as obras, o que lle costou a cinco mariñeiros pasar polo xuzgado, denunciados por membros da Comisión Xestora do Círculo Náutico. Nesta denuncia figura tamén o alcalde de Bueu.

O PLENO PRONUNCIASE A CONTRA

Xaora, o dia seis de febreiro celebrouse un pleno no axuntamento no que o BN-PG presentou unha moción para que a corporación denunciase a concesión do Ministerio de Obras Públicas e se pronunciase contra esta obra, iniciando os trámites xurídicos necesarios para conquerir a anulación do proxecto.

A pesar das ameaças de bomba, do desaloxo do axuntamento por parte de efectivos da Guardia Civil, das falsas chamas anunciantes o envío de artificieros, non se pudo evitar que o pleno aprobase a moción. Foi significativa a ausencia dos concelleiros da UCD, que, alguno do público nos explicaba así: "non fixeron máis que respostar a chamada do Club Náutico, que pedía que os seus sócios non asistiran ao pleno, quedando así desenmascarado o claro intento da UCD, de por unha banda desprestixiar ao Bloque en Bueu, onde conta co alcalde, e por outra repartir favores aos seus acólitos en base de perjudicar gravemente os intereses do pobo mariñeiro de Bueu".

Tamén destacou a actitude do número un de UG, Domínguez Toxo, que se abstivo de expresar a sua postura en favor ou contra o Náutico, sendo esto causa para, aos dous días, presentar a dimisión.

Así mesmo o pasado domingo celebrouse unha asamblea na Lonxa onde asistiron perto de mil persoas, pondo de manifesto a oposición ao Club. Logo saíron en manifestación unhas setecentas persoas. Durante o recorrido coreáronse berros como: "Fora o Náutico, la praia é nosa", "non, non, non, a concesión", o pobo de Bueu pide o que é seu!, Sancho Rof, a praia é para nós!...".

A PRAGA DE TIPULAS? UN COMBATE IRRACIONAL

RAMON VARELA DIAZ

A praga de típulas que desmou en anos pasados as praderas galegas, volverá manifestar nesta primavera e pode que con maior intensidade ca outros anos. As autoridades provincias do Ministerio de Agricultura manifestaron xa en xaneiro a alta probabilidade de aparición da praga, ao mesmo tempo aproveitaron (como fixeron sempre) para recomendar os pesticidas de cara ao seu combate.

Lembremos que as típulas son insectos de patas longas, ás delgadas, antenas finas e cun corpo esbelto, conocense vulgarmente como "mosquitos". No estado de adultos non causan dano, pois o seu alimento é a base de lamber líquidos, son as larvas ou vermes da típula que saen da posta dos ovos que fan os adultos nos prados e lugares de cultivo os que van orixinar as pragas.


Os vermes causantes da praga son moi voraces, e aliméntanse das raíces e partes verdes das plantas, provocando grandes "calvas" nas praderas artificiais podendo chegar incluso á destrucción da herba de todo o prado. Iste fenómeno aparece nas primaveras, e a mediados do verán desaparece, pois as larvas acadan xa un tamaño considerábel e transformanse en insectos alados ou verdadeiras típulas, capaces xa no outono de repetir o círculo de reproducción.

O Ministerio de Agricultura, lonxe de buscar unha solución científica e racional, daco co equilibrio da natureza para combater as pragas, o que fai é únicamente recomendarnos produtos químicos (pesticidas) de dubiosa eficacia, altamente tóxicos e caros de máis, que se por un lado provocan desastres ecológicos importantes, por outro non son a solución para erradicar a praga, senón que sirven somente para parchear unha situación que vai case dez anos que se repite na nosa nación e que cada vez adquiere características moi alarmantes, pois se hai anos a praga de típulas estaba localizada únicamente nunha zona, hoxe podemos decir que está prácticamente espallada por toda Galicia (Lalín, Terra Chá, Chantada, Saviñao... son zonas xeográficas que padeceron e volverán padecer os efectos da típula).

Os produtos recomendados son pesticidas fosforados como o Fenitroton, Triclorfon, Diazinon... etc., considerados como tóxicos, e sendo necesario manexalos con certo coidado para non intoxicarse, actuar por inxestión (o comedos nos alimentos), e por contacto. As plantas absorben polas follas e raíces, e desta forma no interior do vexetal exercen durante un tempo a protección frente ás larvas da típula ademais, o contacto do verme co plaguixida que se atopa no chan, follas... etc., pode ser mortal para el da mesma maneira que o era o alimentarse de plantas tratadas.

Os pesticidas fosforados, igual que outros moitos produtos químicos, deixan no chan e nas plantas unha toxicidade residual, perigosa mesmo para os animais de gran talla, por ista razón sempre recomandan que non se leve o gando a pacer antes de que pasen alguns días, ista medida de seguridade nunca é total, pois no meio sempre quedan concentracións, ainda sendo moi pequenas, de pesticidas.

No caso de chegada distes produtos ao organismo humano, serían causa de trastornos importantes, afectando sobre todo o aparato respiratorio (tos, dolor do peto...) dixes-



tivo (vómitos, diarreas...), nervioso e muscular, chegando en casos graves a producir a morte.

Os pesticidas, ademais de ser tóxicos, presentan outros moitos problemas, sendo hoxe en moitos países unha das causas principais de deseiquilibrios na natureza, e tendo en Galicia cada dia maior importancia polo uso e a veces abuso indiscriminado que diles se está a facer, vexamos algúns efectos destes produtos químicos:

1) Contribuen a contaminación das augas dos ríos e do mar litoral con nefastas repercusiones na flora e fauna dises medios acuáticos.

2) Matan indiscriminadamente, non só os vermes ou insectos causantes dunha praga senón tamén a outros moitos que son altamente beneficiosos (o Diazinon, por exemplo, é un producto moi tóxico para as abellas), outros animais tamén se ven afectados polos insecticidas como as miñocas, paxaros insectívoros, lebres, coellos, zorros... etc. Iste seres por alimentarse de herba contaminada, ou ben por comer algúna larva ou animal que inxeriu veneno, pode ser a causa da sua morte.

3) Os insecticidas provocan novas pragas, ben dos mesmos insectos porque acaban adquirindo resistencia, ou ben de insectos que antes pasaban desapercibidos e que agora teñen condición idónea para propagarse e matarle a aquél, beneficioso, que controlaba a sua poboación. Tamén se debe a que entre as diferentes especies da natureza hai unha gran relación, e o influir nunha repercutre noutras moitas.

4) O tratamento das pragas únicamente a base de pesticidas leva consigo que se precisen cada vez maiores doses, e estas a larga acaban por non facerles efectos aos insectos.

Istas son algunas das moitas razones que fan desaconsellábeis aos produtos químicos para o tratamento das pragas. A "era" dos pesticidas hai mais de dez anos que xa pasou para os países altamente desenvolvidos, e mesmo algun pesticida, coma o DDT, está prohibido nun deles. En Galicia si-guen a usarse e cada vez en maiores doses, non en balde somos un país dependente e colonizado, recomendados polos organismos de Agricultura, que non teñen o mínimo recato

en sair a prensa ou outro medio de comunicación para recomendar pesticidas, no fondo as multinacionais que fabrican e comercializan os produtos son as grandes beneficiadas. Pero volvendo outravolta ao combate das pragas diremos que en moitos países xa están en práctica métodos de loita biolóxica (ou natural) que aproveitan as cadeas alimenticias, enfermidades da praga, virus, zoófagos... para que de forma natural controlar o número de seres de cada especie de insectos. Hai outros métodos, coma o de loita integral, que un método mixto que combina todas as formas de loita e que favorece a diminución do consumo de produtos químicos fabricados como insecticidas, tamén se utilizan esterilización de machos da praga, para que cando se acoplen coas femias, istas poñan ovos estériles, reducindo desta maneira a praga deixa extingüila, pero volvendo a poboación de insectos ao seu estado normal.

De todos os nomeados, o que parece ter máis futuro dende o punto de vista de protección da natureza é o da loita biolóxica ou natural, no caso das típulas habería que potenciar ás aves e animais que se alimentan das suas larvas ou dos adultos. A bubela, os estorninos, os petos, gorrións... etc., son paxaros que por alimentarse de insectos ou larvas necesitarían potenciación e protección, as galinhas, algúna ave nocturna, os toupos... etc. son seres altamente beneficiosos e contribuirían a erradicar a praga.

Combinados istos métodos de loita con prácticas agrícolas axeitadas, poderían levar en prazo corto a rematar con calquera praga, no caso das típulas por exemplo, a herba cortada moi rente do chan, contribuiría a unha menor proliferación das larvas... etc.

Istos e non outros deben ser os métodos e prácticas agrícolas que o Ministerio de Agricultura deberá estudar, divulgar e poñer en práctica, así como seguir a investigación para a sua millora. Iste e non outro tamén é o camiño que garantizaría a erradicación total das pragas no agro galego, e como se ve, despois de soportar a praga de típulas case dez anos, está en contradición cos métodos e práctica do Ministerio de Agricultura español. Por algo será, ¿non?

don augusto.

XAQUIN MARIN





Corzo, Blanco Rajoy, Iglesias Corral... Foto ABAD-EAF

O servizo da UCD na provincia da Coruña foi o chamado Partido Galego Independente, que se formou praticamente nas vésperas das eleccións do 77 arredor da figura política de José Luis Meilán, home do Opus Dei, ligado na sua carreira política a Carrero Blanco e López Rodó, pero que soubo engancharse a tempo ao carro reformista. En realidade, o citado partido constituíuse en base ao aparello electoral que xa Meilán manexara en anteriores eleccións para procurador das Cortes franquistas, un aparello ligado ao que poderíamos chamar o neocapitalismo agrario galego, con persoeiros como Graiño Amarelle e Corzo Diéguez, que controlaban as Cámaras Agrarias e o Sindicato Vertical Agrario. Non é casualidade, nese senso, que nas vésperas das eleccións do 77 Meilán fora presidente do IRYDA e que nas eleccións do 79 fora presidente do Banco de Crédito Agrícola, hoxe mantendo este cargo, e que unha hábil política de cretós xogara un papel fundamental na orientación do voto rural na provincia coruñesa. Por outra banda, algúns destes persoeiros, como Corzo ou António Alvaréz, (actual presidente do Deportivo da Coruña), estaban tamén ligados á especulación urbá na capital de provincia e nalguns outros puntos da provincia como é o caso da pretendida urbanización da praia de Miño.

NON ESTABA TODO TAN CLARO

Pero, despois do 77, integrado xa o Partido Galego Independiente na UCD, escomenzase un proceso de "purificación" do partido, proceso que se intensifica a medida que se acercan as elec-

cións municipais, coa finalidade de desligar a imaxe da UCD dos escándalos urbanísticos, especialmente na capital da provincia, onde as accións das Asociacións de Veciños puxera ao descuberto operacións como as da canteira de Santa Margarita ou a Cidade Deportiva, nas que estaban implicadas persoas ligadas tradicionalmente ao equipo de Meilán.

O actual presidente da Diputación Enrique Marfany, entón secretario provincial do Partido, foi o home clave desta operación de limpeza. E isto provocou certas tensións internas entre Meilán e o grupo Corzo-Alvarez que se inclinaba más cara as posturas de Franqueira. Meilán chegou a rexitar o ofrecemento do grupo ourensán de ocupar a presidencia da primeira Xunta pre-autonómica, aínda que este rexitamento tivera tamén relación coas ambicións persoais de Meilán de ocupar un posto ministerial a nivel do Estado. A morte do senador Graiño, en nadal do 78, racha o último eslabón entre Meilán e o grupo dos gandeiros, xa que Graiño era en certa medida, unha especie de intermediario entre eles. De todos xeitos, nas eleccións do 79 a inclusión de Blanco Rajoy como senador pola UCD parece indicar que ese distanciamiento non é definitivo.

Outro pilar do antigo PGI era o senador Fernández Calviño polo control que exercía sobre as Cofradías de Pescadores. Pero nestes momentos e despois do progresivo desprestíxio de Fernández Calviño, como consecuencia da sua xestión ao frente da Consellería de Pesca da Xunta, ese pilar non ten firmeza sobor de todo porque as consultas electorais venen amosando que os votos mariñeiros se inclinan cada vez máis á esquerda.

...DAS NOVAS INCORPORACIONES

Na operación "limpeza", a UCD coruñesa recorriu a diversos procedimientos dende represcar a antiga xente do PPG (como Vidal Torreira, actual delegado de Cultura ou o concello coruñés Ripoll) astra conseguir captar a todo un ex-diputado do PSOE, Andrés Eguibar, ou a antigos membros do partido socialdemocrata en Santiago, aínda q que estes plantexaran unha crise na elección do comité local compostelán.

A nivel municipal, na Coruña, ademais do xa citado Ripoll contaron tamén coa incorporación do ex-concello Serrano, que formaba parte da minoritaria oposición ao ex-alcalde Liaño. Tamén foi importante a incorporación de Rey Pichel, ex-militante do PSP e hoxe presidente do comité local da UCD da Coruña, así como a do senador Iglesias Corral, o vello republicán que no 77 conseguiu o seu escano pola candidatura Democrática Galega ao Senado, apoiada por varios partidos da esquerda españolista e o PSG. Están tamén o diputado Juan Quintás, prestixiado pola sua actuación independente no tema do Estatuto.

Todo iso configura unha UCD composta fundamentalmente de profesionais da política, con menor apoio social que o antigo PGI, pero que tenta de contrarrestar o enfriamento das suas relações cos grupos de presión agrarios a base do traballo dende a Diputación e co intento de captar a sectores liberais difusamente galeguistas. A UCD coruñesa, por outra banda, parece disposta a xogar forte na futura estrutura autonomista despois da relativa ruptura de Meilán co aparello central do partido pola cuestión do estatuto que quizais lle conxelara as suas posibilidades de chegar a un ministerio en Madrid.

No noso número 81, encetabamos un traballo sobre a UCD en Galicia, coas características fundamentais, persoeiros e grupos de presión movidos en cada zona. Xa se sabe das diferencias existentes entre as diferentes polas do partido gubernamental en Galicia, froito das diferentes razões e via que levaron a cada grupo económico, político ou caciquil a se apontaren ao partido que estaba chamado a rexer a nova situación democrática. Empezamos polas duas provincias que abranguen a maior parte do interior do país. E apóis termos presentado ás respectivas UDEs de Ourense e de Lugo, ofrecemos boxe un pequeno dossier do estilo do anterior nas outras duas provincias, as da Coruña e Pontevedra. Coidamos que cadaquén queda ben situado no seu feudo, e o que é máis importante, o especial carácter que a UCD como partido presenta no noso país (precisamente a sua esquiva entidade) queda clarexado.

A CORUÑA E O UC-2



Meilan Gil. Foto BLANCO

Pujalte. Foto ABAD-EAF.




Ilustración: CID VALCARCEL

PONTEVEDRA, C-2



Rivas Fontán. Foto XURXO FERNANDEZ



Víctor Moro. Foto BLANCO



Sancho Rof. Foto EUROPA PRESS

GABA 070

No espectro político da UCD en Pontevedra hai que salientar a figura dun persoal que, a pesar de manterse na sombra política e estar aparentemente aillado, está presente en todos os medios "tradicionais" e é a única persoa, que a nivel particular, xa que non desempeña cargo algun, figura como invitado, pola Capitanía da VIII Región Militar, nos actos da xura de bandeira en Figueirido. E o eterno cacique, dono de vidas e facendas -ainda que como negocio só se lle coñece unha farmacia-, Antonio Puig Gaité. Este, xunto con "Pim" Malvar, que forma parte do equipo Pio Cabanillas-Puig-Crespo Alfaaya, controladores da provincia en tempos non moi lonxanos, foron os auténticos precursores da UCD na provincia de Pontevedra.

Nembargantes, o home forte da UCD en Pontevedra está personificado na figura de Sancho Rof. Este persoal, ex-subsecretario do Interior e Diputado na primeira legislatura, xurdiu sorpresivamente de Madrid e foi ben recibido por homes que daquela estaban tamén na sombra política, como o médico Fontoiria Surís. Vencedor de Víctor Moro e da alternativa "galeguista" que representaba, puxo por diante a outro "de cuna" nas derradeiras eleccións a diputados: o ourensán González Seara, que en Ourense topaba de frente a Pio Cabanillas e a Franqueira.

Porén, Víctor Moro tamén ía sufrir o "abandono" de outro dos seus, o xornalista "progre", deixa o cambio, Gerardo González Martín, para convertirse no relacions públicas da UCD nas sucesivas eleccións. Hoxendía é delegado de Cultura e secretario provincial da UCD.

O EQUIPO MUNICIPAL DA UCD

De cara ás municipais, a UCD encargouse ben de estructurar unha boa lista de candidatos. Xosé Rivas Fontán, alcalde. Perdeu con Víctor Moro e a sua alcaldía interpretouse como unha compensación aos servicios prestados como secretario da Xunta. Iniciouse políticamente facendo a "revolución" no falanxista Servicio Español del Magisterio xunto con outro persoal, hoxe, nembarcantes, nemigos, Juan Figueiroa, tamén mestre e peón de confianza de Sancho Rof, que o ten con el en despacho contigo e como liberado. Ademais de pertencer a típica familia de caciques de Xeve, ostentou a delegación de "Seguros Vizcaya".

Unha das más solpresañas carreiras, no que en acadar a cargos se refire, ten como protagonista a António Biempica, ourensán. Pasou de conserxe a director da Caixa Rural. A pesar de importancia que logrou na primeira executiva da UCD, con Fontoiria, agora amósase como unha reserva da liña máis centralista.

Outro Diputado, xunto con Cifuentes, é primo doutro peón do Puig, Manolo Paz Sánchez, agora na UCD e "pasado do sindicato vertical ao Goberno Civil". Eladio Portela presume de grande empresario, xa que herdou dos seus pais "Artes Gráfica Portela". Aurélia Cortizo, sen antecedentes de político público, é dono dun comércio de recambios e da gasolinera de Arcade.

Asimesmo, o alcalde levou consigo para o Ayuntamiento ao seu tío, Benito Rivas caciquinho tamén de Xeve, pequeno consutor e millonario.

Todos estes persoais que, agás de Edelmiro Barreiro, director dunha asesoría técnica, e perito industrial, e Francisco Rilve, árbitro de balonmano, a súa "sabiduría" é o deporte, forman o equipo municipal da UCD de Pontevedra.

Doutra banda e dominando amplos sectores económicos hai que salientar ao dono dunha cooperativa de viños no Salnés, encaramado, asimesmo, na presidencia da Cámara Agraria Local e na actualidade senador, Daniel Casalderrey. Neste mesmo espectro, José García García domina a zona agraria do norte. Dun goberno a outro nos tempos do franquismo e hoxe presente na vida provincial pontevedresa, David Pérez Puga (subdirector de Comercio Exterior), pai de moitos fillos, a misión é comer.....

A anterior Diputación deuille a dirección da Ciudad Infantil "Príncipe Felipe" a Federico Cifuentes, inspector de EXB e que logo apareceu na UCD e disfrutou a tenencia da Diputación o actual vicepresidente e secretario da Xunta José L. Nogueira, pluriempleado do partido e cacique de Vilagarcía... Cifuentes ven de ser un técnico cercado polos compañeiros na corporación municipal.

En Lalín UCD ten dous bandos, anque agora na asamblea local só estean homes do actual alcalde Xosé Cuiña, protexido de Sancho Rof. No outro bando está Campos, con cine, discoteca, cafeterías, gasolineras e tentando montar unha fábrica de piensos. Está no bando de Víctor Moro.

A UCD de Pontevedra peleó pero non se mata.

G.C.



A NOVA LEI TUTELAR? A DELINCUENCIA E OUTRAS COUSAS...

COLECTIVO GALEGO DE PROMOCIÓN DO MENOR

O feito é o seguinte: discutirase a meados de febreiro no Parlamento Español un proxecto de "Ley Tutelar de Menores". Unha "nova" lei axeitada aos ventos europeos que están a correr polo Estado. Como medida complementaria, tentase introducir na reforma do Código Penal unha disposición da meirande importancia: a redución da maioría de edade penal os quince anos. Dúas accións que veñen respostar a mesmo eixo de pensamento legal repressivo: nada novo no todo ben argallado e enmascarado nun verbalismo falso e "portector", e supostamente reformista.

MEDIDAS BEN PENSADAS

Como ben sabemos, as leis non son feitas por quien vai sofrilas. Son produtos á medida dunha clase e dos seus intereses. Neste caso cómprenos botar unha ollada ao pasado, a protagonistas e aos obxectivos a conseguir da nova lexísia penal do menor.

Partimos da dictadura franquista. Daquela, o desenrollo vital de clases e a conformación que a clase dominante diox ao Estado supuxo o nacemento no seo das clases populares dunha especial xenreira contra das chamadas Forzas do Orden Público. Xenreira e medo. Este medo popular non era froito casual do momento, senón unha necesidade para o sistema, unha condición para a manutenza de calquera ditadura.

Chegada a reforma Zuárez e as consecuentes formalidades democráticas, compria trocar decontado a imaxe das institucións estatais. Non o cerne, que seguía respostando aos dictames do capital monopolista, pero si a casca das institucións. Unha destas, quizás a más efectiva, é a das Forzas do Orden. Tal manobra tiña certas dificultades. ¿Cómo convertir as Forzas do Medo en Forzas da Confianza Xeral, en Forzas-Protectoras-do-Pobo, Forzas de reclama, de arelada presencia na rúa?

A resposta do Sistema foi a busca dun nemigo público común, a creación da súa imaxe popular de Nemigo, e a súa represión exemplar.

Non houbo problema para o atopar: xa estaba aí, había tempo, o delincuente mozo, o froito perfecto do amoremiento suburbano, estimulado e programado pola publicidade consumista, rebelde analfabeto e inconsiente, e non dambondo rentabel políticamente como para ser defendido polos partidos electoralistas da oposición.

A popularización e venda de imaxe foi artellada por determinada "prensa independiente" e outra non tanto pero que tanto ten. O apoio foi servil e, se cadra, foi doble a súa funcionalidade: espallar a idea da encarnación do Mal nos ladróns de coches e navalleiros, e incrementar dun xeito efectivo a autovaloración do delincuente como tal, afirmándolle na súa conducta, agora xa como héroe "currojimenista". O caso de "El Jaro" foi revelador.

Por fin, o terceiro paso naíde mellor dotado para levalo adiante que as propias Forzas do Orden. E así foi. Porén, toparon con un pequeno atranco, refrexado na amarga queixa: "ven ocurrido que o detido entra por unha porta e sale pola outra", que é tanto como decir que a policía cumple, pero o xuez, e ainda máis, a legislación falla. Imposible levar adiante nestas condicións unha política de control do ciudano.

Tres anos abordan para axeitar o terreo. Agora é o momento: creada a necesaria conciencia popular, levada a cabo unha determinada práctica policial, creada tamén a necesidade dunha lei máis "flexible", ... xa poden ser discutidos os novos plantexamentos penais.

E misión comprida. As Forzas-da-Seguridade-Ciudadana son reclamadas aquí e acolá polas propias asociacións de veciños que estuvieron a sofrir os seus efectos non hai tanto.

CASTIGAR A VÍCTIMA: VELLO TRUCO

¿Quen é o delincuente?

As explicacións á medida dos intereses da burguesía teñen en presentalo como fenómeno individual. A delincuen-

cia é, segundo semellante explicación, unha enfermedade máis que pode afectar ao individuo aíllado. Chégase a conseguir unha ben axeitada foto-robot do individuo delincuente: feo, assimétrico, con dentes de serra, taras físicas, impulsividade instintiva, baixa intelixéncia, vicioso, noxento, incorrección, nugallán e moitas, moitas veces sifilítico.

Téntase, unha vez mais, desvencellar os feitos das súas condicionantes socioeconómicas e ambientais, urxidos pola necesidade ideolóxica de acouchar as contradiccións do sistema.

Pero a delincuencia non atopa explicación por este vieiro. O delincuente non é básicamente un individuo inadaptado, un enfermo aíllado, nem tan siquera moito menos un perverso moral, unha ovella moura. O delincuente xurde dunha clase concreta, é froito das contradiccións dun modo de produción existente, da monstruosidade urbana, do estímulo consumista nunca satisfeita e da necesidade dunha reserva de paro. O delincuente é un rebelde egoista. Revírase contra do sistema e ceiba catro pedradas ao primeiro que atopa. Un rebelde sen conciencia solidaria, pero cunha imparábel potencialidade revolucionaria.

Pois con este delincuente que non xurde da nada senón dunhas condicións de existencia clasistas, os gobernantes de turno teñen duas posibilidades: ou ben acouchar as suas vergonzas, botar terra por riba e manter as apariencias dun Orden Perfecto, ou ben pola contra utilizar o fenómeno para incrementar a represión e Control solapados. Este segundo camiño pasa polo castigo exemplar da vítima, froito das condicións de vida que lle están a imponer os seus verdugos.

E dodo caer na trampa para o propio proletariado que, por mor de conciencia crítica do delincuente, está a sofrer maioritariamente na súa propia carne as accións rebeldes daquel.

A REDUCCIÓN DA MAIORIA DE EDADE PENAL

A medida reductora de que falabamos ao principio queda ben en coiros perante do mais pequeno exame crítico.

Pero hai máis. Non é somentes a operación política de fondo. Son tamén as súas incoherencias e os seus efectos prácticos.

Reducir a maioría de edade penal aos quince anos supón ignorar o feito de que o adolescente é unha persoa en desenvolvemento, con direito a cambiar, a medrar ceibe de todo etiquetaxe prematuro.

¿Qué plantexamento xurídico é este que consinte que os menores para o traballo e moito máis para decidiren políticamente deixen de selo, emigras fora, para iren á cadea?

E a causa vai máis aló. Dende unha perspectiva psicolóxica, tan ben usada a tempo e destempo por aqueles ideólogos, os efectos van ser destrutivos para o individuo en desenvolvemento, o aprendizaxe nas comisaría e cárceis do papel de encubridor ou chivato, co que confeña de chantaxe, coaccións morais e físicas; o deterioro afectivo e sexual nun ambiente presidido pola tortura e violación mutua; o deterioro da autoestima que leva a tentos de suicidio; e o que se quería engadir de casos por todos coñecidos da vida entre relñas.

O PROXECTO DE "LEY TUTELAR DE MENORES"

O actual proxecto do partido do goberno haino que lerán un oílo posto no tento reductor da maioría de edade penal. Doutra maneira costa entender a pretensión real de semellante fraga de verbalismo protecciónista e, incluso, supuestamente preventivo. Ollemos a inxenuidade (?) que supón querer atallar xurídicamente cunha lei de segunda categoría un asunto que afunde as súas raíces na estrutura socio-económica.

Veñense reproducir as inoperatividades da vella lei. Eso si, moito se coida trocar a nomenclatura perpetuando o sistema piramidal: en troques de "Consello Superior de Menores", "Consello Tutelar"; e as "Juntas Provinciales" veñen a

ser "Delegacións Provinciais". E, atención, os tribunais tutelares serán maxistraturas ordinarias por mor da inconstitucionalidade (Art. 117, 6 da Constitución) das maxistraturas especiais. Chégase así ao seguinte: o menor é inimputable, e xa que non hai maxistratura especial, a conclusión sería a imposibilidade do seu procesamiento legal xudicial. Pero nun interesante malabarismo xurídico creanse as "maxistraturas tutelares" con poderes para mandar ao menor cades especiais, que por suposto non son así chamadas (Art. 48; Art. 67).

Salientemos o tentodetector que contén (Art. 65). Unha tentativa sen incidencia pois o que se había de controlar non eran catro "casos gordos" nen vintecinco, senón as condicións de existencia real dunha clase. Así, eses casos significativos van ser zampados polo sistema para se xustificar, mentres que o desorden establecido xenera miles de casos más.

E da impresión que produce a súa lectura xurde unha pregunta: ¿Trátase de protexer ao menor, ou se cadra más ben de nos protexer contra do menor? Pois se do primeiro se tratase, no caso de conflito entre un ambiente e o pequeno "desadaptado" habría que loitar contra do ambiente, non protexer o menor aíllándolo. Da declaración de inimputabilidade pásase a pechar o cativo nun centro "de seguridade".

Para rematar, hemos de decir que a delincuencia non é defendible. Certamente non o é.

Pero a súa erradicación é moi problemática neste modelo de sociedade. E o seu tratamento tamén. Trátase dun caso no que coinciden protagonista e víctima. E deste xeito son condonables os tentos simplistas de combatila.

Non se debe desvencellar o trato que se lle dea dunha loita por transformar as súas causas, o que supón non desvencellalo da loita pola transformación das estruturas económicas e políticas vixentes.

O que dende logo non é defendible xamais é unha práctica legal protecciónista de palabra, pero que na práctica chega a manipular o feito batendo nos efectos en percura do aplauso electoral, cando son os seus voceiros os mesmos que están a defender con paixón o modelo de sociedade competitiva e consumista, nai lexítima do fenómeno delinquente.



ESPAÑA

SIGUE O PULSO CC.OO.-UGT

Ao enfrentamento pola hegemonía sindical que está tendo lugar entre CC.OO e UGT, contando esta última central co apoio explícito da gran patronal, podia-selle buscar unha chea de explicacións de feito hai como polo menos unha por cada unha das partes implicadas. Mientras que para Comisións todo consiste en axustar as contas a patronal por non tela en conta para a firma dos convénios colectivos, para a UGT o problema de non contar con Comisión foi o feito de que estas utilicen a "coacción e a violencia"...

Este aire un chisco cómico non procede, por suposto, de que a situación laboral seña cousa de risa; débese a que por aí anda tamén a patronal xogando moi ben as bázas nesta partida. Así, hai quen di que non escolexeu a UGT para firmar o Acordo-Marcó porque os seus puntos de vista se asemellen máis aos desta central, senón porque ao ter menor implantación (e polo tanto ser más doado o seu sometemento) chegar a un acordo con ela e potenciala siñificaria introducir un elemento de división e desacordo considerable dentro da clase traballadora cara a negociación dos convénios colectivos deste ano.

OFENSIVA DE COMISIONS OBREIRAS

Deste xeito, vense observando dende a firma do Acordo-Marcó interederal, por parte da patronal CEOE e máis da central socialista UGT unha forte contestación aos convénios colectivos firmados dentro do estipulado nel, por parte de Comisiones Obreras, que para a presente semana ten plantexadas varias accións neste senso.

Dentro do que se podería chamar 'Semana Quente' no eido laboral, a central comunista con-


voca folgas en todo o Estado, sendo de destacar a dos días doce e trece no sector químico en contra do convénio firmado pola UGT e a patronal e que afecta a doucentos oitenta mil traballadores, en cuxas negociacións non se contou por primeira vez desde hai moitos anos con esta central e a convocada no sector dos grandes almacenes que ten previsto comezar o día trece. Ainda que son dabondo os conflitos previstos para a próxima semana, destacan, ademáis dos devanditos, as folgas convocadas en sectores tan importantes como a construcción e o metal, que escomenzarán o próximo catorce, de dous días de duración en algunas provincias entre elas Barcelona e Madrid e que presumiblemente será unha das manifestacións más claras da espécie de pulso sindical ao que nos referimos. E disposición de Comisiones Obreras obligar a patronal a contar con ela para as negociacións, propósito este confirmado polos seus dirixentes en roda de prensa celebrada recentemente.

X.LOIS G.LABANDEIRA

PRONTO A SAIR

& Ensino

Revista Galega de Socio-pedagogía



Editada por "PROMOCIONES CULTURALES GALEGAS S.A.", sob o patrocinio da "ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓGICA GALEGA"

SUBSCREBA SE DESDE XA!

Ingrés o importe da suscripción anual de 1.200 pesetas na conta 01-500.000-5 do Banco de Vizcaya, Sucursal da Avenida de Buenos Aires en Ourense, por xiro postal, transferencia bancaria, ou talón, indicando seu nome, apelido e domicilio.

yute
Confeccions

Xesús Abel Eiriz

Ruanova, 43 - Tlf. 211214

LUGO

**RESTAURANTE
VERACRUZ**

ESPECIALIDADE EN MARISCOS DA RIA, COCINA GALEGA E OS MILLORES VIÑOS DO PAÍS...
IE ESTO DOS VIÑOS SI QUE NON CONTO...

c/Julio Rodríguez Soto, 24
Teléfono 271251
CARBALLIÑO

EUSKADI

"ESTAMOS SOBRE UN BARRIL DE POLVORA"



XURXO FERNANDEZ

FRENTE PARA A DEFENSA DA DEMOCRACIA

Polo que se refire ao Frente para a Defensa da Democracia convén apuntar que ánda non levou a termo ningún tipo de acción concreta; é máis, non é previsíbel que nos próximos días o faga, tendo en conta que se trata dun grupo de composición un tanto heteroxénea. Pola sua banda, Euzkadi Ezquerre negouse a participar na iniciativa baseándose no argumento de que no programa de traballo faltan puntos como a incorporación de Navarra a Euzkadi, a represión (que a coalición achaca a un plan premeditado do Goberno) e a amnistía.

HB non siquera tomou en conta a proposición.

Carlos Gareicotxea pintou a situación con trazos grises. "Os que están pola violencia fanno por a sua incredibilidade na via política, e probablemente, o panorama non sea moi alentador para desengaños". A par, non ha roda de prensa atacou co calificativo de "desvergonzado" ao Goberno, pola aplicación restritiva do estatuto no que se refire a policía autónoma e a autonomía universitaria. De novo, o afán do PNV por deixar claro que se o estatuto non gusta é culpa exclusiva do Poder Central.

A UCD basca, nembarantes, saiu ao paso acusando a estes últimos de sementar o descontento.

De todas as maneiras o que quedou claro é que ningúen está disposto a votarle unha man a UCD para as próximas eleccións. O releggemento no seo do Frente para a Defensa da Democracia non deixa de ser un duro golpe.

DETENCIONES EN EUZKADI NORTE

Tivo tamén gran reprecusión, o apresamento en Euzkadi Norte dunha das cabezas de ETA Militar, Txomín Iturbin, xunto con outras duas persoas, unha delas candidato de HB por Gipuzkoa, en circunstancias non moi claras. Anque fai varios días se especula con que o etarra fora entregado as autoridades españolas, no momento de escribir estas liñas, tal cousa descartabase xa case totalmente, xa que a razón dada pola policía francesa de que no vehículo apresado había varias pistolas, perde forza tendo en conta que o automóvil non pertenece a ningunha das tres persoas.

Mentres, o debate en HB sobre da participación nas tarefas do Parlamento Basco cobra auxe. A vez que a asamblea provincial de Araba se pronunciaba polo abandono dos postos obtidos, un destacado derixente da coalición en Navarra, defendía publicamente a postura contraria. En suma, as espadas seguen en alto, considerando sobre todo que os militantes alaveses conforman unha pequena minoría no seo da Asamblea Nacional de HB.



A NOSA TERRA

A "DOCTRINA CARTER" NO PERSICO



J.J. NAVARRO
LLATZER MOIX

A situación no Afganistán xunto á latente crise iraní xenerou un clima de guerra desconocido no mundo dende os tempos máis duros da "guerra fria" nos anos 50 e principios dos 60. Mais grave ainda esta vez, os estraregas

dos USA e tamén da URSS consideran a posibilidade de guerra total nos próximos anos e o despliegue militar comenza xa a ser palpabel na zona máis sensitiva do mundo: o Golfo Pérsico e os seus países darredor. Os EE.UU. están a facer un gran esforzo para redespelar as suas forzas armadas arredor das zonas petrolíferas.

No seu recente mensaxe en col do estado da Unión, Jimmy Carter, formulou unha advertencia que nos vinteiros anos pode ser o desencadenante desa posibel guerra: "os EE.UU. considerarán calquera intento de ocupar pola força un Estado da rexión do golfo Pérsico como unha amenaza aos seus intereses vitais, e responderán a ela con todos os seus medios, mesmo coa aplicación da forza militar".

Estas palabras, que xa comienzan a seren coñecidas como a "doctrina Carter", teñen unha tradución completa no novo despliegue planetario das Forzas Armadas americanas, que o mesmo que fixeron nos anos da "guerra fria", comenzañ a afogar a "zona amenazada" cun cordón de bases aéreas e navais que facilíten a sua utilización rápida en momentos de crise.

Así, á presencia do exército soviético no Afganistán os americanos agora ocupada pola Marina norteamericana.

canos respostan negociendo con Oman e Kenia para a instalación de bases no Sultanato -case seguramente na illa de Masirah, situada na boca do Golfo Pérsico- e no porto keniata de Mombasa, onde os británicos xa teñen unha base naval.

Doutra banda, a flota norteamericana no Índico, moi reducida hai uns anos, ten agora máis de 25 barcos de guerra maiores -tres deles porta-aviões- que navegan diante da boca do golfo Pérsico. Como base de retaguarda na zona, os EE.UU. utilizan a illa Diego Garcia, antiga posesión inglesa no centro do océano. Esta illa, que era utilizada polos británicos como estación de comunicación para a súa aviación, ven de ser convertida agora nun auténtico porta-aviões fixo que acoile a toda a panoplia aérea norteamericana, dende os xigantescos transportes de tropas C-5 astra os superbombardeiros B-52. Amáis, é un gran depósito de armas no que se cré que se lamañan tamén inxénios nucleares.

Otro punto de apoio norteamericano no Oriente Medio é Somália, que era un país aliado da Unión Soviética astra que Moscú decideu apoiar a Etiopia no combate polo deserto de Ogaden. A base aéreo-naval que os soviéticos tiñan no porto somalí de Berbera, cun depósito de proxectiles e submarinos atómicos, está

O PROBLEMA AFGANO COMO PRETEXTO (1)

A intervención do Exército Roxo en Afganistán está sendo utilizada de forma moi clara para poñer en perigo os esforzos de coexistencia pacífica e distensión entre países con sistemas político-económicos diferentes.



¿Mais cal é o problema afgano? Sabido é que asegún as fontes de información que se manexen os feitos serán uns ou outros. Asegún as Axencias Informativas do imperialismo (UPI, AP, AFP, EFE, etc...) xunto coa Axencia Nova China tratase da invasión do Afganistán pola URSS, que tentaría con esta acción acudar unha saída ao Índico, tomar os pozos petrolíferos do Irán, e como fin último dominar directamente todo o Oriente Medio, política que viría reafirmar o que USA e China chaman "expansionismo soviético".

Asegún a URSS tratase da axuda a un país que tentaría defendese dunha agresión exterior financiada por USA, China e Pakistan (baluarte occidental na zona), e cuxo apoio interno estaría limitado a certas capas feudais, privilexiadas antes da Revolución do 78, e algún sector tribal e relixioso moi localizado e pouco importante. En base a un tratado de amistade e cooperación a URSS, por desexo de sectores progresistas do Goberno de Afganistán, enviou tropas militares ao interior do país para facer frente a esta agresión e ao presidente do país H. Amin.

A partir do momento da intervención soviética a propaganda occidental desencadea unha ofensiva sen precedentes dende a "guerra fria", pola que se fan aparecer soldados soviéticos en todas partes (movementos de tropas soviéticas en Yugoslavia, Noruega, Iran son denunciados polo Departamento de Estado e desmentidos posteriormente pola URSS en termos duros).

EE.UU. ofrecece a defender ao Irán, firma tratados de amistade e cooperación incluíndo axuda militar con Pakistán e Turquía, en via delegacións a Oman, Somalia, Kenia, etc. para establecer neses países bases militares establecidas.

A parte desto os xefes supremos de USA James Carter e Harold Brown realizan consultas co resto dos Estados occidentais industrializados R.F.A., Francia, Italia, Xapón, Gran Bretaña, etc. Mesmo A. Suárez fai unha viaxe relámpago a USA declarando o seu alineamento de decidido. Finalmente H. Brown firma en Pekín un tratado de axuda económica con China comunicando a sua total identidade de puntos de vista en materia de política internacional.

E importante destacar o papel de Gran Bretaña que por medio de lord Carrington fixo unha serie de viaxes para explicar a postura occidental a viarios países, algúns deles ex-colonias británicas como India, Kenia, etc.

Parece claro que esta resposta non ten como fin "defender o dereito inalienable dos pobos a decidir por si mesmos"; como agora pregoan. Os pobos de Latinoamérica Chile, Nicaragua, Guatemala, Cuba, etc. de África, Europa e Asia coñecen as prácticas seguidas por USA e as outras potencias.

Non é equi onde hái que buscar as causas deste alboroto interesado e malintencionado. As causas están en:

a) situación de crise económica moi grave. O modelo de desenvolvemento económico capitalista mundial, que parecía a salvo de todo desequilibrio dende a II Guerra Mundial, tocó a fondo, está atascado, e o más grave é que parece non albiscarse solución, polo menos cos métodos de política económica astra o de agora coñecidos. Consecuencia desto é o intento do capitalismo central de descargar esos problemas presionando sobre das riquezas e recursos dos países subdesenvolvidos, incidindo moi directamente no nivel de vida deses países, agudizando a fame e a miseria e mesmo entrando en contradición con certas capas astra agora favorecidas.

b) En concordancia co anterior as loitas populares contra os intereses imperialistas van medrando progresivamente. Os revéses e situaciones perigosas para os monopolios multiplicanse. Afganistán, Iran, Nicaragua, O Salvador son algunos exemplos de actualidade.

GUATEMALA, SOMENTE ESPERANZA

¿Qué vai acontecer agra en Guatemala?. Nos primeiros días despois da masacre da embaixada en Guatemala parecia que o malestar se fora xeneralizando en todo o país, pero despois outros acontecimentos mundiais relegaron a represión guatemalteca a un segundo plano. Guatemala non é Nicaragua e con toda seguridad os movementos guerrilleros e de oposición non conseguiron ainda a madurez e a organización necesarias para facerlle frente ao exército e ás policias paralelas nunha guerra civil aberta.

Non semella tampouco que os EE.UU. lle teñan unha solución de recambio á dictadura de Romeo Lucas García nem que esteñan dispostos a permitir un trunfo progresista. Neste senso, a falta de noticias sobre de Guatemala, despois da masacre da embaixada española, é abondo significativa. De certo non chegaria a suceder o mesmo se fora a embajada dos USA.

ESCOLA POLICIAL NO CANAL

Cunha economía esencialmente agrícola, centrada na produción de cereais e de algodón, Guatemala é un dos feudos centroamericanos das grandes compañías yankees, como a United Fruit e a United Brand. Os executivos desas compañías xogan por si mesmos, ou a través de homes de palla nativos, un importante papel na escala de poder do país.

Ese poder é complementado pola acción de control do embaxador norteamericano, verdadeiro virrei dos EE.UU. en Guatemala, e por toda unha chea de conselleiros que teledirixen a policía e a burocracia guatemalteca.

Doutra banda, a maior parte dos cadros do exército e da policía de Guatemala están formados en EE.UU. ou entrenados nas escolas especiais de represión que os yankees teñen na zona do Canal de Panamá. Destas escolas, chañas Shothorn Command saeu a élite militar policiaca que mantiñen no poder a case todas as ditaduras latinoamericanas, desde Guatemala a Chile, desde El Ecuador a Paraguay.

Os movementos de oposición en Guatemala, principalmente o chamado "Ejército Guerrille-

ro de los Pobres", ao que pertenecían os ocupantes da embaixada española, están sometidos a unha represión e persecución implacables, dignas da Edade Media. Normalmente as torturas, asesinatos e saqueos teñen lugar nas zonas labregas do país e non saltan á actualidade mundial. Os ocupantes da embaixada española querían chamar a atención sobre a sua lucha e contra a brutalidade da dictadura de Romeo Lucas García. E a ocupación fixo que o seu obxectivo se chegara a cumplir, ainda a costa das suas vidas.



FIZ VALCARCEL
Ilustración

ENTRE COPAS

A NOVA DIRECTIVA DO CELTA



Hai anos, sa ben anos, o Celta era o equipo catalizador das arelas deportivas dos galegos. Despois veu a etapa de "Cerveza El Aguila, sempre igual", e anque moita xente de toda Galicia seguia sendo afeiada ao Celta, non facian máis ca salaiar por aquiles anos de Pedrito, Muñoz, Panizo... Co despunte do Pontevedra, moitos dos galegos identificáronse co ihai que roelo, mentres o Celta quedaba un pouco no olvido da Segunda. Pero foron poucos anos, a suba á Primeira volveulle as esperanzas aos afeiados galegos, arelaban ter un equipo entre os melhores do Estado e esperaban que fora o Celta, o Celta de antes, xa que o Deportivo seguía de "ascensor"; "sube e baixa".

Pero non deu sido. Despois de algunas meritórias campañas volveu agora á mediocridade da Segunda, propiciado por unha mala xestión económica e podiamos decir, tamén, deportiva.

O RC Celta de Vigo vai ter para dentro de pouco unha nova Xunta Directiva. O Sr. Rodrigo Arbones, que lle seguiu no cargo ao seu irmán, ante a marcha do club, tanto económica como deportiva, e despois de varias negociacións co "Grupo Ramilo", presentou por fin a dimisión.

A xente do "Grupo Ramilo", así se chaman os impulsores dun

ha nova directiva, tiveron que facerse cargo das débedas e relevar de todos os compromisos bancarios aos irmáns Arbones, senón non había dimisión.

Atrás quedaron os días en que "vimos ao club para salvalo por o gran amor que lle profesamos e ille a Vigo". Como se ve, palabras son palabras e cartos son cartos, ningún directivo regala nada.

O OPUS NO CELTA

Agora, se reciben a aprobación da Xunta Extraordinaria de socios, farase cargo da presidencia o Sr. Elías Alonso Riego. Pero quen vai marcar as directrices desta nova xunta vai ser, sen dúbida, o Sr. Ramilo, impulsor e aglutinante dos componentes do grupo que aspira a marcar unhas novas directrices no R.C. Celta.

O Sr. Ramilo é ampliamente coñecido en Vigo, os seus negócios esparéxense pola cidade, amais de ocupar a alcaldía algunos anos. A xente di que é un dos homes fortes dentro do Opus de Galicia.

A tarefa do "Grupo Ramilo" non vai ser pequena. Un endeamento de máis de cento dazasetas millóns de pesetas, e a má marcha deportiva do club, amén doutros problemas, como o caso Fenou, agardan para que tomen posesión, se os socios así o acordan

(que van facer se non teñen outra salida).

Segundo o Sr. Alonso Riego a tarefa máis importante será dar saneado a economía do club. "Hai algo fundamental como, por exemplo, ir o antes que se poida de cara á adquisición duns terreos para campos de fútbol e acabar coa vergüenza penuria, ao ter de andar mendigando onde poder entrenar con normalidade". A nova xunta directiva di que non quer aumentar as cuotas dos socios e que para conseguir sanear a economía van reducir "gastos supérfluos e innecesarios".

As manifestacións sempre son boas, veremos as realidades. Todos din vir guiados polo mesmo, pero algunas veces os feitos amosan o contrario.

O Celta, se quere chegar a ser un club cun total carácter galego non lle queda outro remédio, por diversas cuestións que levan sempre á económica, que faceren a sua programación ollando cara a canteira galega.

A nova directiva logo vai ter ocasión de amosar o seu galeguismo. Esperamos que non defrauden a moita xente que confía que dunha vez tomen o camiño galego. De non ser así, o equipo fa pagar as consecuencias, coma sempre.

ALFONSO EYRE

RALLIE INTERNACIONAL "JAMES"



O ano 1980 escomenzou a sua temporada automobilista en Galicia, cun rallie Internacional, ente o norte de Portugal, e o sur de Galicia. Esta proba feita xa, a finais da seman pasada, contou con un bo número de pilotos galegos e portugueses; sendo aproximadamente unhas 70 máquinas as que tomaron a saída.

O rallie escomenzaría en Portugal, e despois de facer ali varios tramos cronometrados, atravesarián pola ponte internacional de Tui, para por as cercanías recorrer unha vez más as populares probas de S. Antoniño, Cheno e S. Colmado. Das casi 70 máquinas que tomaron a saída en Portugal, pouco máis de 30 chegarían a cruzar a fronteira do Miño. De entre elas os poucos pilotos galegos que chegaron, e que máis tarde acabarían o rallie, foron Albin-Marquez (Simca Rallie), Chano-Meliano, tamén con un coche igual: Lois Vilarchan-Xoán Otero (Seat 2000), Dámaso-García (Citroën GS), e Delgado-Toro con Simca. Estos pilotos, ainda

que nas tres probas corridas en Galicia rexistraron, uns tempos bastante bons, nos tramos cronometrados de Portugal, acusaron un total desconocemento das maiorías das probas.

A gran promesa actual do automobilismo galego, o Vigués Toni Diaz, debido a unha serie de incidentes mecánicos, non pudo aspirar máis que a un noveno posto na serial. O único que salvou a situación foi o Vigués Rafael Cid, do equipo Team Diabolique, que os mados dun Ford Escort, alcanzou o terceiro posto na clasificación final. O segundo foi para o portugués "Mequepé" con Opel, e o merecido vencedor sería tamen portugués: Mario Silva con un Ford Escort.

E de mencionar tamén aquí, que o piloto galego que máis sombra podia facer neste rallie, o veterano Xoán Carlos Gonzalez "Culebra", non pudo alinear o seu coche por problemas surxidos a última hora; talvez de estar este piloto nō rallie cícalas a Mario Silva se lle puxaran as cousas más difíscis; ¿quen sabe?


COMPRO

- * LIBROS
- * REVISTAS
- * PERIODICOS E FOLLETOS ANTIGUOS

COMPRO

- * BIBLIOTECAS PARTICULARES COMPLETAS
-
- * PREFERENTEMENTE LIBROS ANTIGUOS

Interesados escribir a: JOSE LUIS
Apartado de Correos, 186 - ORENSE



meigallo

GABINETE PSQUIATRICO
Dr. XOSE CAAMAÑO
Dr. EMILIO GONZALEZ
c/ Entremurallas, 5-1.^º
SANTIAGO

NOVO NUMERO
TELEFONO 58 89 10



YFIEIA KAI PANAKEIA

ANXO RODRIGUEZ


A TESE EPIDEMIOLOXICA

Ilustración: XULIO MASIDE

En base a epistemoloxia materialista a Epidemioloxia é unha actividade científica con relacións de dependencia estrutural, ou de constitución, como di Althusser no caso das ciencias da natureza (demografía, bioloxía, medicina, etc.).

O enunciar a Epidemioloxia como tese althusseriana, na que se formulan duas proposicións básicas, primeira: producción de coñecimento analítico, segunda: establecemento das bases textuais da acción política, coímos é unha actitude do maior interés práctico, maxime si se ten en conta o estado actual e grado de desenrollo desta "actividade sanitaria" nas áreas do estado español e concretamente na nosa nación. O analise situacional estado-sanidade lévanos irremisiblemente a conclusións inequívocas.

A tese epidemiolóxica despréndese da diferenciación da actividad médica que xa temos analizada e fundamentalmente da necesidade do programa preventivo. De acordo con Logan (V.H.O. Public Health Paper) "os obxectivos da medicina preventiva, en todas as suas fases, non serán acadados se non se ten a información axeitada sobre da saudade e sobre do esquema da enfermedade en todos os seus aspectos, incluso os que nos son descoñecidos", pero sería moi incorrecto pensar e definir a epidemioloxia como área de estudo dos dos determinantes de incidencia e prevalencia, sen ter en conta as profundas implicacións que a mesma definición supón. Xa nos seus principios contémplanse aspectos moi trascendentais, Thackrah (1832) fala dos efectos dos traballos e profesións sobre da saude e Chadwick (1842) que fixo o reporte sanitario sobre do estado sanitario da poboación traballadora da Gran Bretaña, discutía as influencias da ventilación, drenaxes, promiscuidade, baixos ingresos e dietas alimentarias probes; unha mostra máis para nos, da tese que estamos a plantear.



A amplitud da epidemioloxia queda claramente proclamada, engadindo que é a base fundamental de todo traballo de dirección e planificación de programas e servicios de saude.

Estase agora no ámeto do estado a implantar unha reforma sanitaria, na que se contempla o capítulo epidemiológico, e na que como sempre destaca a organización piramidal desde enriba. Dentro deste contexto hai un epílogo político: a epidemioloxia e unha das primeiras competencias sanitarias "traspasadas a Xunta", pero sen o mínimo recurso operativo, ¿non é acaso este outro signo mais de neo-colonización?, unha forma de explotar o presente en favor do futuro.

Para rematar este capítulo compre referirse a algunas nocións de saude dentro do contexto global que nos ocupa, porque maximarnos que somentes ao traveso destas puntualizaciones sera posibel comprender certos aspectos sutis que se escapan os conceitos convencionais curación-prevención.

A saude é unha propiedade obxectiva estructural no proceso autodinámico complexo da vida, que asume os principios cuantitativos e cualitativos da dialéctica.

Decimos moita saude, pouca saude, boa saude, mala saude, saude estable, saude inestable e decimos haxa saude, para significar a continuidade da vida útil. Non e correcto nem bargantes falar de modelos de saude con carácter xeneral, pero si de tipos operantes de saude, porque de algún xeito o proceso complexo de interrelacións co medio produce ese tipo de resultados.

da terra asoballada

ANTE A ESCALADA FASCISTA

A organización estudiantil, ERGA, expon a sua denuncia ante a escalada fascista.

Sempre en tempos de crise económica, social e política, o fascismo atopa base social en classes médias constreñidas entre o combate obrero e popular por unha banda e a política do gran capital por outra banda. A este factor úñese a persistencia en certos sectores do reacionarismo ideolóxico franquista.

Asi pois a actual escalada fascista ten o seu orixen nesas precisas circunstancias pola oligarquía española. Ela é sin dúbida a responsável do asesinato de Yolanda Gonzalez, e de Jesus Zubicaray.

Polo demais á oligarquía española resultante, úteis estes asesinatos para atemorizar as masas e desautorizar os movementos reivindicativos especialmente aqueles de carácter patriótico. E é ela -quen provocou ca sua política os atentados- a que reprime os que desde a sua conciencia cívica erguen a sua voz contra a barbarie (como na concentración do pasado dia 3 en Santiago). E por esta razón que esiximos a non imposición de multas os compañeiros detidos nos pasados días na nosa Nación.

¿QUE NOS QUEDA POR FACER?

Apreciados amigos de A NOSA TERRA:

Recibimos tódas as semanas o xornal, e asimismo "LA VOZ DE GALICIA", e chégannos notícias moi confusas sobre a situación social e política no Estado Español.

Pero a que realmente colmó o vaso foi unha chea de represións e denúncias a mestres de Basíca, de INB de F.P. por impartir o ensino en galego.

Nos denunciariamos a aqueles que en moitas zonas de Galicia, onde os nenos son galego-falantes e nada más entrar na escola ensinan en castelán. E para isto asistímos non con razóns políticas e legais como é no outro caso, senón con razóns científicas e pedagógicas, que por ende son razóns sociáis. Tamén deberímos sumarnos aos denunciados por facer o noso ensino en galego mentras estivemos en Galicia astra fai un ano.

Ademais de todo iso, e como exemplo práctico do que pode ser respeto a cultura e a propia identidade no que toca aos nativos temos este pequeno país, Suiza. Para os extranxeiros (emigrantes) é unha cousa aparte. Pero neste pequeno país coa sua organización escolar e política,

no tocante os nativos repito, manifiesta un profundo respeito a cultura de todas as zonas do país.

O ensino realiza no idioma oficial do cantón, ben sea francés, alemán, italiano ou romanche.

Pero, é más, nos primeiros anos de escola os nenos aprenden no dialecto da localidade, para máis tarde iniciar o idioma. Xa cando teñen doce e trece anos iniciaran un segundo idioma e terceiro inclusivo. Isto para nós, aínda que noutras cousas Suiza sea como é, é unha maneira de facer as cousas ben. (Sempre referíndome aos nativos).

E, ¿qué nos queda por facer? Defender a nosa cultura coma a defendeu o pobo ao longo de moitos séculos. A Xusticia non ven dada por unha lei ou un decreto-lei, como neste caso. A Xusticia ou é xusta ou non é xusticia. Neste caso non é xusta con un pobo, e non pára aí a cousa, non é xusta con unha cultura. Isto é moi grave e demostra moi pouco dos partidos parlamentarios que apoien estas iniciativas.

Con un total apoio os mestres denunciados por facer algo coerente nunha situación incoherente (nun mundo ao revés como di a Sabeliña) despedímonos astra outra vez.

XOSE A. LOPEZ E M.X.REY
MESTRES NA SUIZA

A ORTOGRAFIA NO "PEDRÓN DE OURO"

Teño entendido que o Xurado que concedeu os últimos prémios do Pedrón de Ouro (no que era presidente o meu Señor da Tembra, Don Avelino Abuín) rexitou algun conto por non ir escrito na ortografía galega (?) empregada "oficialmente" astra o momento, e non pola calidade literaria menor do mesmo, como sería de esperar.

E coñecido que a crítica, sobre todo a literaria, é práctica ideolóxica e que nos "Concursos" se convierte en ditadura, interesada, bastarda amiude, e prostituida quase sempre. Por iso son frecuentes as arbitrariedades "razoábeis" dos críticos membros dun Xurado, mais non coñecía este peculiar de sanzón ideolóxica, claramente punitiva: "Por escriber case portugués, rexitado,

toma, para que aprendas". En cambio, non se rexita o modo de escritura "acastrapada". De certo que vivimos nunha colonia de intelectuais colonizados.

Se algun membro dun Xurado é capaz de explicarme tal proceder, agradeceriallo.

A. GIL HERNANDEZ

POR FIN, TELEFONO EN SANTALLA

O pasado sábado dia nove de Febreiro celebrouse a permanente ordinaria, na cal se acordou a instalación do teléfono público no lugar da Santalla do Moar, tal e como fora pedido en sucesivas ocasións e respetando en todo momento os trámites legais ao respecto.

Foi necesario que estiveran alá presentes na devandita sesión pública uns setenta labregos, veciños todos eles afectados por tal servicio público, entendendo estes que de non ser ubicado o teléfono para aquel lugar estaban dispostos a deixarse ouvir pola corporación.

Temos que señalar que as irregularidades que se cometieron en todo este proceso foron oportunamente denunciadas, ao Axuntamento, e a opinión pública a través dos distintos medios

de comunicación; e pois a nosa postura a de que se respete sempre os intereses da maioria dos veciños en causas xustas como a que nos ocupou.

CONSELLAIS DO BLOQUE NACIONAL-POPULAR GALEGO

FRADES

da arte e dos xeitos

OS MOIÑOS DE ACEITE EN GALICIA

Xa estamos afeitos a relacionar o aceite co Sul da Península, ca Bética, e indudavelmente por algo é. O aceite da Bética xa era famoso en tempos de Plinio. Mais quizais o que ignoramos é que en Galicia, nas bisbarras quentes e defendidas do Sil e do Miño non só se dá a arbre das aceitunas senón que nun tempo abundaron os moiños de aceite.

Astra os tempos dos romanos empreñouse para cocinar as grasas e a manteiga. Descoñecéase a arbre e o proceso de elaboración do aceite. E a partir destes tempos, dunha época romano-goda, cando se escomenza a cultivar e a producir o aceite nas nosas terras. No 747 o nome xa aparece na toponímia: "Villa olivatello maiore et alio Olivero Ripa Sile" segun os documentos. Ta-

mén no 1066 ao sul do río Miño atopamos, como en Galicia, os topónimos de "olivária" e "uluaria". Posteriormente, no 1190 o arcebispo Xelmirez obtén de Alfonso VII a donación dunha propiedade en Talavera, lonxe de Galicia, da que saca o aceite para alumarlle ao Apostol en tempos de inverno.

Desde o século XV e máis no XVIII as plantacións de oliveiras vanse dar coa meirande forza, para logo, ben axiña, decair e seguir pervivendo en bisbarras de sustratos romanizados, vales defendidos e abrigados das xiadas, agarimados polo sol. En Galicia as terras más apropiadas son as encostas ourensás de Lóbios, de Larouco, do Bolo, da Rua, de Valdeorras e tamén nas terras do Límia. Portugués: Viana, Ponte da Lima... lugares, todos, nos que áinda quedan os restos das vellas construcións que lle daban vida a toda unha economía que



saiá do aceite, tal como os moiños.

Despois do Nadal bareábanse as oliveiras e recollíanse as aceitunas que se deixaban algun tempo ao curtido para levarse logo á fardelada ou ao moiño. O primeiro é un sistema de obter aceite moi sínxelo e caseiro, o segundo e xa en plan industrial.

A fardelada consistía en amasar con pedras as aceitunas e metelas nun fardel para logo pisá-las enriba do barcal ou banco axeitado, e ir sacando o aceite. Botábaselle agua fervida, que logo despois, nunha ola separábase. Abrindolle á espita saía primeiro a agua por flotar o aceite.

O sistema do moiño de aceite, requiere todo un bon artello arquitectónico cheo de inxenio e curiosidade. Consta de unhas pedras colocadas horizontalmente e cunha canle cóncava, en cuxo centro se ergue o eixo sobre o que

se fai girar unha o máis rodas, levadas por un mango movido xa por varios homes ou por unha potente besta. A roda vai esmagallando as aceitunas e o aceite vai correndo polas canles de pedra e botando por unha espita na que se recolle con culleres de pau. Estas rodas poden ser de dous xeitos, segun sea a sua forma, xa cónicas ou cilíndricas.

A masa das aceitunas que queda, lévase ao lagar, onde se mistura con agua fervendo, e ali séguense exprimindo astra aproveitar a última pinga de aceite. Cántaras de madeira ou de barro van recollendo o líquido, son esas grandes olas de barro que xa non quedan e que lle diron sona aos oleiros de Rubiana, Portomourisco, Gundivós, Lañoá... Centros alfarreiros dos que somentes queda o nome... O mesmo que as rúinas duns moiños de aceite que souperon de cantares, contos e riquezas.

andando a terra

ALGUNHAS NOTÍCIAS DO MES DE FEBREIRO

Febreiro é un mes simpático. Cecás sexa porque, pese a todo, é o más curto de todo o ano. Os que cobran unha solada estanlle agradecidos xa que o fin de mes chega antes. No refraneiro popular, Febreiro ten unha morea de ditos pra tódolos gustos. Entre eles hai ún que dice que "come máis un día de sol de Febreiro que cantos cabalos ten o reino". Cando este home, xa metidío en anos, era un neno ó escoitar o refrán que queda dito, maximabaxa xa a nosa nación galega e ós seus cabalos. Na súa casa había dúas égoas e un burro. Unha égoa branca, que se chamaba "Cuca", moi rinchadora, e que era a que montaba escrusivamente o abó. A outra tiña unha cór case teixa, de gran alzada, respataba por "Linda" e era a que cabalgaba meu paí. Sendo eu moi neno fixen dous viaxes con meu paí no arzón da "Linda": a Virís, no axuntamento de Begonte, onde os da casa de Hortas tiñan un rebaño de

carneiros postos e a Bascia, na parroquia de Benade, no axuntamento de Lugo, onde os Hortas cobraban un foro en centeo. E o burro, que mercaron na feira de Adai, pra ir ó muíño e que utilizaba miña nai pra ir ás feiras a Rábade e tamén pra ir a Vilanova por castañas. Teño ollado moitas veces como o Eliseo, un criado da casa, outo como un piñeiro medrado, cortaba e macicaba o toxo verde prás égoas e prós burro debaixo do corredor, operación un pouco longa e delicada que tiña a súa cencia.

Cando matinaba en cantos cabalos podería ter o noso reino galego e canto comerían nun día, sentía mágoa por que na nosa casa non tiñamos ningún cabalo. Por eso non cansaba de contemplar o cabalo do médico don Pepe Penas ou do veterinario Regüela, que eran os más fermosos da bisbarra. Algo así como dous autos despampantes dos días de oxe, salvando as distancias e perdoando o xeito de sinalar.

Febreiro comenza cunha festa moi arraigada e moi popular en Galicia: o San Bráis, que é



moi abogoso prás doenças da gropa. En poucos lugares quedan as romerías de inverno. En tódolos sitios as trasladaron prá vraela, que é cando veñen os emigrantes. Así morreron romerías, denantes moi celebradas, como o San Martiño, a Santa Lucía, San Antón Lacoeiro e o San Bráis. De todos xeitos hai lugares nos que, áinda que sexa esporadicamente, rexurden esporadicamente, rexurden estas romerías, afortunadamente. Tal é o caso do San Bráis de Outeiro de Rei.

Este ano os da miña tribu nativa fixeron a romería do San Bráis pra estrenar banda de música. Con pacencia e un enorme esforzo xuntaron ós "profesores" das bandas que houbera no concello: a de Asteriz e a de Bonxe. Foi, pra este que escribe, unha gran ledicia sentir tocar novamente ó Xesús do Mato, de Asteriz que foi titular da Banda Municipal de Lugo, e ó Indalecio Lombao, de Bonxe, que tamén é charreiro. Os da Banda de Música de Outeiro de Rei non teñen uniforme máis son propietarios dunhas corbatas roxas que dá

gusto ollallas. O axuntamento axuda a esta banda. Agora compre cuidala ben. Pra que as couzas duren hai que ter tino con elas. Estou seguro que San Braisiño, que está moi sorridente na eirexa parroquial, quedaría moi gustoso de sentirlle tocar a Banda de Outeiro de Rei, a que lle botou unha mau o mestre Groba. San Braisiño sabe apreciar a ledicia da "Alborada de Veiga" e a tristura melancólica da "Negra sombra".

Denantes era costume decir, cando ún estornudaba:

- San Bráis te axude.

Lembro que nunha ocasión o Eliseo, do que falei inantes, estaba moi constipado e metía unhos estornudos ou espurros que metían medo. A Bernarda, unha criada que levaba moitos anos na casa, dixolle coa súa voz fleve e solermeña, como o chío dun paxariño:

- iAi, hó, San Bráis che arrinque a alma!

O Eliseo retrucoulle co seu enorme vozarrón:

- iCómate o demo: que che arrinque a túa!

arredor de nós

"XA VIU OS OLLOS A CURUXA"

A curuxa común é un ave de rapina, de actividad nocturna, que ten a testa e todo o dorso pardo dourado e mais griseiro, mentres que o frente é claro, dándolle unha grande vistosidade.

Pódese decir claramente que dentro das rapaces nocturnas é a que está mais vencellada ó home, motivado pola necesidade que ten de se aproveitar das edificacións pra vivir, mesmo nas torres das eirexas, en vellas edificacións ou

en outras non tan vellas e algunas veces habitadas.

Como típica especie nocturna, bota o dia ó amparo da luz, ás escuras, pra, ó chegaren as trebas da noite, escomenzar a voar na percuta das presas coma os musgaños, ratos, algúns sempre cun voar silandearo somente alterado polo seu carácterístico que ás veces emite, poñéndoseollar á luz da lúa ó deixar a torre (o que foi a torre) do mosteiro de Carboeiro onde aninaba. Por ser unha especie de rapina, pola súa alimentación, fai sexa beneficiosa ó home.

Para criar faino nestes cu-



rrunchos das edificacións onde ten a curuxera, facendo unha posta en maio ou primeiros de xuño, e dempués dunha trinta días de incubación feita pola femia, xa saen os polos, que están todos eles cubertos dun penuxo branco.

Dixe moito das curuxas que por viviren nas eirexas andan ó aceite dos santos para se alimentaren, pero non hai tal cousa, e o que si podemos atopar aló son como unhas pelotas mouras que son as agagrópilas, compostas do pelo e más os osos das presas, e que unha vez dixeridas veñen de botaren.

Todo isto xunto coa relación que se lles deu sempre coa morte, fai dela unha especie mal mirada polas nosas xentes, dándose moitas supersticións encol dela, de tal xeito que se alguén escóita á curuxa ou se a vé, e se hai algún enfermo preto, dise que é que vai morrer, ou **xa viu os ollos á curuxa**.

E unha das especies que segundo a legislación está protexida, pero coma outras moitas séguese a cazar sen reparar no mal que se fai tanto por atentar en contra dela de por si, coma por ser unha especie da que nos beneficiamos.

MUSICA

LLUIS LLACH: ENTRE O CHOCALLEIRO E O IRRITANTE

A música caracterízase por utilizar como material o sonido. Un músico é un señor que posee unha formación que lle permite controlar a emisión e articulación do sonido sea coa mediación dun instrumento mecánico ou electrónico sea co órgano fonador. Estes dous feitos amosados ampliamente por Fray Gundemaro Perogrullo na sua obra monumental "Omnia veritas" (Tomo 179, Vol. 85, Sección 57, Apartados 1898 e 1903) os considero de elemental aceptación para abordar o tema Lluis Llach ou o que é o mesmo: para facer unha crítica musical lixeira ou comercial cuxo fin primordial é entreter ao personal.

Lluis Llach é un péssimo músico que desafina, non mide, canta mal e non sabe tocar os instrumentos nos que interpreta; como consecuencia da sua falla de musicalidade e da sua nula formación todas as cancións son igualiñas unhas ás outras e todas presentan unhas melodías simplonas, uns ritmos más ou menos heleinantes filtrados polo señor Teodorakis e unhas armonizaciones que de puro facilones rondon o esquemático, o resultado final é un produto que de puro cursi podería facer enfermar de envexa ao mesmísimo Armando Manzanero e non digamos aos seus émulos. E non me veñan coas coñas dos textos dun e doutro, que estamos falando de música e non de literatura ou de política. Resulta penoso observar como Llach afoga constantemente ao cantar por non saber tomar o aire -aparte dos sorbetos amplificados polo micrófono-; como desafina (cunha constancia digna de millor causa) reiteradamente ao repetir, en todas as cancións, as mesmas frases; como confunde cantar más alto e cantar más rápido- o que condiciona más afogamento-; como a medida resulta más elástica que o marfil; como, por non ter medida "interior" ten que se tapar un oído ao cantar para escutar só o instrumento rítmico e ainda así perde o compás; como aporreá o teclado do piano



Foto: XURXO FERNANDEZ

como se estivera escribindo a máquina -como emborrana minuciosamente-, por unha utilización inadecuada do pedal, o sonido deste instrumento como persiste e insiste en levar distinta medida no canto e no piano; como, por falla de técnica, é incapaz de tocar correctamente unha frase entera sen trabucarse; e, por dignidade allea, prefiro non mentar o que ocorre cando toma a guitarra.

As duas producções más importantes de Llach, segun os meus colegas de importante medios madrileños, son "Viatge a Itaca" e "Campanades a mort". Quixería aproveitar para repetir algunas consideracións que tiveira ocasión de facer coa edición dos discos. Nestes dous amplísimos homenaxes ao "kitsch", observamos astra que grau pode debatirse un mal aficionado coa grandilocuencia importante; os

desenrollos básanse na reiteración temática "ad infinitum", a instrumentos, as armonizaciones son caricaturas, e o resultado final un bódrio. Pero ocurre que Llach sabe moi ben que a introdución de elementos sonoros pre-coñecidos e cargados socialmente de connotacións actuán como motivación emotiva, e aínda o fai máis se pasa desapercibida por estar a atención do auditor fixada noutro aspecto sonoro, repáremos no redoble de "Semana Santa" en "Campanades a mort" ou na utilización dunha grotesca imitación gregoriana na mesma sinfonía -o sinto, pero ten tal estrutura formal aínda que sexa monotonía-; - como xa antosei no seu dia-. Tamén sabe moi ben Llach como determinados ataques inusuaís ao soar "raros" poden actuar como motivadores polo rechazo da mesma inusualidade, lembrémos en "Viatge a Itaca" os "Frulatti"

da flauta ou os "glissandi" cunha barra metálica na guitarra. Este tipo de trucos son coñecidos e utilizados por calquier técnico de efectos especiais que se precie. A sua utilización por compositores "de masas" suxire unha dependencia curiosa das teses de Jdanov, o teórico musical do estalinismo; os "tics" compositivos de Llach tenos tamén Penderecky, compositor que, a diferenza de Llach, ten oficio e sabe utilizar con especial intelixéncia para ganarse o apoio do Vaticano e do público norteamericano "snob"; o problema de Llach é que o seu escasísimo coñecemento da técnica musical non lle permite embarcarse no mesmo barco de Penderecky, pero ambos utilizan os mesmos trucos para garantizar o éxito de taquilla e coido que a mentalidade compositiva de ambos está poseída polo próprio dogmatismo -e non é en vano que exista unha utilización común de elementos sonoros "cargados" emotivamente procedentes da música relixiosa- que caracteriza as teses musicais das autocracias estalinistas ou nazi.

Polo que se refire aos acompañantes, só cabe destacar ao flautista, único atractivo sobre o escenario. Laura Almerich, guitarrista catalana discípula de Tarrogó é tan péssima instrumentista como só o pode ser un alumno de semellante mestre -e se alguén o dubida que merque un disco da filla, Renata Tarragó-. O responsável dos instrumentos electromagnéticos amosou que mesmo con instrumental tan posibilitista pódese aburrir someramente ao auditor aínda que teñamos que lle agradecer a persistencia en darlle o ritmo correcto a Llach co sistema automático, aínda que os esforzos fosen inúteis.

Un último problema e este sociolóxico e non musical. Lluis Llach é un profesional da música que utiliza, en lóxica consonancia co medio social, o sistema económico mercantilista para a oferta da sua força de traballo. É un profesional que sube a un escenario e cobra unha entrada, polo tanto compre esixirle que faga ben o seu traballo; se este é a música como parece, o señor Llach é un profesional péssimo e

está defraudando ao público. De aquí dedúcese que está facendo un labor anticultural co apoio dunha inmensa campaña publicitaria que o vende como se vende calquier outro produto comercial -ou é que o champagne Laixertell é bon porque o anuncia Camilo José Cela?-. Quixería lembrar aos lectores que chegaron aquí sen pedir que me queimen na pira inquisitorial que a cultura musical en Catalunya a están facendo persoas como Joan Guinjoan, Mestres Quadreny ou Xavier Benguerel, pero non a fan Lluis Llach ou Raimon exactamente igual que cultura musical en Galicia a fan Groba, Trillo, Villanueva ou Calo pero non a fan ni "Fuxan os Ventos" nin "Milladoiro"; a menos que falemos da tan manida "Kultura" capaz de descubrir que Henry Levi é progresista. Quedamos pois en que Llach é un profesional do entretenimento o mesmo que Nuria Feliú -que tamén canta en catalán e sabe cantar-, que Raimon -que tamén canta en catalán pero non sabe cantar- ou que La Trinca -que tamén canta en catalán e consiguen divertir ao público-. E aqui volta a teima dos textos; particularmente coido que se alguén ten interés por un mensaxe literario o millor que pode facer é lelo sen necesidade de que ninguén lle recite ou lle cante, non vou entrar na calidade literaria de Llach pero quixería por na balanza o interés que pode ter a estas alturas unha "Estaca" ou unha "Gallineta" aparte de satisfacer o "ego" do señorito sentado na sua butaca e que aínda crei que ao socialismo se chega aplaudindo a un cantante mediocre ou perdendo o tempo en conversacións de café. E, desde logo, sé a Profesión de Llach non é a música senón o satisfacer o "ego" dun sector presumidamente concienciado -ao tempo que crei que aínda estamos no 1968- entón, polo visto na súa actuación compostelana o conseguí en grau sumo. Pero como eu son crítico musical e non teño tempo de ir de cafeterías de cotío pois teño que recoñecer que desas profundidades non che entendo.

XOAN M. CARREIRA

AXENDA

PUBLICACIONES

GALICIA-80. Revista cultural. Núm. 1.

RECITAIS

LLUIS LLACH. Día 16. Vigo. FUXAN OS VENTOS. "Palacio de los Deportes del Real Madrid". 24 de febreiro, as 6 da tarde. Organiza a Agrupación cultural "Lóstrego". Madrid.

ACTOS

MARIA PILAR GARCIA NEGRO inaugurará o día 16, ás 6 da tarde o Curso de Lingua Galega, cunha conferencia sobre "O Bilingüismo". Organiza o Frente Cultural da AN-PG. Carrer de Semoleres, acarón de Metro Jaume I. Barcelona.

DISCO DA SEMANA

RECITAL DE CANCIONES INGLESES DE TASCA, CATCHES E GLEES (s. XV ao XVIII).

Deller Consort. Vanguard-Hispavox.— S 60.329.

Grabación.— 8 — Interpretación.— 10.

Na cultura englosaxona posee unha gran tradición a música "a capella" cómico-obscena. Nesta tradición compuxeron cancións compositores como Henry Purcell e xuntan a beleza formal co humorismo. Cuns intérpretes tan extraordinarios coma os do Deller Consort, o resultado é un disco para disfrutar a fondo.

ARTE

MANUEL RUIBAL. Astra o

22 de febreiro. Aula da Cultura da Caixa de Aforros. Santiago. CESAR HERRERO. Astra o



24 de febreiro. Hostal dos Reis Católicos. Santiago.

SALVADOR DALÍ. Círculo Mercantil e Industrial. Santiago. VARELA GUILLOT. Mostra de pintura. Lugo.

X. L. TOME. Galería "Catro". Tabernas-4. A Coruña.

CINE

"HOTEL DU NORD" (1939). De M. Carné. Ciclo F.P.F. Día 19. Cine-Club "Padre Feijóo". Na Casa da Cultura. Rua do Concello-13, baixo. Ourense.

MEIN KAMPF. de Patiño. Cine Yago. Santiago.

LIBROS

O PORCO DE PE. Vicente Risco. Reedición. Editorial Galaxia. Vigo.

LUAÑA. MITOS, COSTUMES E CRENCIAS DUNHA PARROQUIA GALEGA. Andrés Suárez. Editorial Galaxia. Vigo.

LA CREACION LITERARIA DE RAFAEL DIESTE. Estelle Irizarri. Ediciós do Castro. Sada.

ESCULTURA FUNERARIA EN GALICIA. Manuel Chamoso Lamas. "Instituto de Estudios Orensanos", da Diputación provincial. Ourense.

TERRA HUMEDA. Dino Pacion Lindin. Ediciones Celta. Lugo.

LIBROS E AUTORES GALEGOS. DOS TROVADORES A VALLE-INCLAN. Ricardo Carballo Calero. "Fundación Pedro Barrio de la Maza, Conde de F.E.N.O.S.A.". Colección "Galicia Viva". A Coruña.

curso de língua

M.Pilar García Negro
X.M.Doborro Paz

ANTON VILLAR PONTE:
As "Irmandadea da Fala" e
o paso do rexionalismo ao
nacionalismo.

Catorce

VERBAS MORTAS

Houbo un momento no que chamarse rexionalista inda sinificaba algo. Foi nos tempos de Alfredo Brañas i até a constitución das "Irmandades". Logo o rexionalismo ficou nunha verba coase valeira. Hoxe xa sabedes que son rexionalistas tódolos españoles, e por decontado tódolos galegos, incluso Bugallal e Riestra. Rexionalismo, pois, é agora unha verba morta se non leva aparelado o adjetivo "integral". E un rexionalismo deste xeito xa pode recibir o nome de nazionalismo. No das descentralizacions administrativas meirandes ou más pequenas, ningún galego deixe de coincidire. E isto non é nada.

Pois o mesmo ocorre con outra verba, a verba galeguismo. Coidamos tere sido nos quenes primeiro puxémola en circulación. Foi a pouco de se haberre creado as "Irmandades". Galeguismo daquela sinalificaba igual que nazionalismo.

Mais esta verba xa boxe para nós fica tameu valeira e morta. Non hai politiquiño dos da nosa Terra, nin xornal caciúll que se non chame galeguista. ¡Todos os galeguistas!

Cando nós escribimos por vez primeira aquela verba, pensamos: como o de nazionalismo asusta a moitos ainda, en troques de nazionalistas digamos algunas veces galeguismo. E a cousa terá de ser igual no fondo. En Cataluña hai cataláns -cantos nasceron naquela terra- e hai tamén catalanistas. Catalanistas quer decir nazionalistas; pois inventamos a verba galeguista coa mesma equivalenza pros galegos partidarios da autonomía integral con tódalas suas consecuencias.

Mais xa fica dito que agora acó ningüen deixa de chamarse galeguista. Rexionalismo e galeguismo, pois, pra nós dende esto carecen de valore. Son verbas mortas e fan falla verbas vivas. Son verbas pros que din moi ocos estas parvadas de comedia: "El rexionalismo bien entendido", "el regionalismo sano", "el regionalismo práctico"...

Frases ridículas que tanto nos fan escachar de risa ós nazionalistas.

Cáseque toda a obra literaria de A. Villar Ponte (novela, teatro, ensayo) está posta ao servizo da propaganda política e cultural. A sua importancia, capital na historia e na cultura do país, radica en que foi o fundador das

"Irmandades da Fala", en 1916, momento que supuxo un importante cambio político na nosa nación e ao que estiveron vinculados autores dos que xa falamos, como Lugris e Cabanillas, e outros dos que falaremos en sucesivas leccións, como Risco, Otero Pedraia, Castelao, Manuel António... E preciso resaltar que das "Irmandades da Fala" naceron institucións de tanta importancia como o Partido Galeguista, no campo político e a revista e o grupo "Nós" e o "Seminario de Estudos Galegos" no cultural. Se nos seus inicios, e tal e como se reflexa nas conclusións da I Asamblea, celebrada en Lugo en 1918, intentaron marcar o futuro político de Galiza que dará lugar ao nacemento do movemento autonomista concretado nunha república federal (ainda que por motivos políticos non se explicita así claramente), axiña moitos dos seus membros pasarán a declararse simplemente nazionalistas (fundamentalmente, culturais) e mesmo farán declaracións de apoliticismo. Esta é a razón de que anivel de actuación política concreta, os membros das "Irmandades" militen en diferentes grupos. Así, Villar Ponte sería un dos fundadores da ORGA, pola que foi deputado, e á que permaneceu fiel até apesar de que tres anos antes varios dos seus fundadores, desilusionados coa política abertamente españolista de Casares Quiroga, en compaña de membros das "Irmandades" crearan o "Partido Galeguista", polo que máis tarde Antón Villar Ponte sería tamén deputado, despois do seu ingreso nel.

No terreno lingüístico, as "Irmandades" en xeral, e Villar Ponte en particular, iniciaron o proceso de empregar o noso idioma como vehículo habitual da comunicación oral, tanto a nivel privado como público, o que non feixeran nen os escritores do XIX nem os agrarios, ao mesmo tempo que o levaban por escrito a todos os campos

da cultura. Tamén levaron o idioma a prensa periódica, non só a **A NOSA TERRA**, que foi o seu órgano de expresión (recollendo o mesmo que en 1907-08 tivera o boletín dos rexionalistas coruñeses, que máis tarde sería vocero do Partido Galeguista e que hoxe ten este periódico), senón aos outros xornais e revistas nas que colaboraron.

Un dos errores das "Irmandades" foi o de non entenderen que os intentos por recuperarmos a nosa personalidade pasaban necesariamente pola sua inclusión dentro dun programa político que abarcase todos os demais problemas de Galicia como nación e non facendo só política cultural e lingüística.

Reparemos finalmente, en canto ao contido do texto, na puntuación terminoloxica e de espazo político que fai Villar Ponte na sua delimitación do nazionalismo daquela e como se evidencian tamén as inevitables contradiccións ("... como o de nazionalismo asusta a moitos ainda...") do galeguismo nestes momentos, en que comezaba a decantarse cara posiciones más políticas e de práctica real, pero que ainda non tiña total clarificación.

Lingüisticamente reparemos en **sinalificaba**. No noso idioma as palabras cultas manteren sen alteración o grupo **-gn-**: ignorante, incógnito, diagnosticar, resignación, Ignacio, significaba...

Nos semióticos **-GN-** reducense a **-n-**: **sino**, **ensinar**, **sinalar**, **sinal**... e nas palabras populares converteuse en **-ñ-**: **leña**, **empeno**, **desdeñar**, **año**, **tamayo**... **Constitución**, **nazionalismo**, **equivalencia**. Os sufixos **-I**: **ENTIA**, **-TIONE** conservan o iode nas palabras cultas: **paciencia**, **ciéncia**, **conciencia**, **referencia**... No resto das palabras, o galego anterior á colonización española eliminaba o iode: **nazón**, **estazón**, **contuzón**, **sentenza**, **doenza**... Este iode, sen dúbida por influxo do

español, recuperouno o galego moderno na maior parte dos casos e hoxe debemos escreber: **nación**, **estación**, **constitución**, **sentencia**, "descentralización", **circulación**...

Tódolos hespárioles: anotemos un par de cousas. En canto a **tódolos**, é preferible a escrita que non marqué a assimilación **todos os**; o mesmo acontece con **meirandes** que debemos grafar **más grandes**. No que se refira a **hespárioles** compre sublinhar, por un lado, que o debemos escreber sen **h** de acordo coa sua historia e, polo outro, que hoxe a inmensa mayoría das persoas que se expresan por escrito na nosa lingua fan o plural das palabras acabadas en **-l** mudando o **l** por **is**: **anis**, **fardéis**, **cadrís**, **españois**, **azuís**... coa excepción dos monosílabos: **sales**, **cales**, **tales**, **soles**, **moles**, **tules**...

Quenes primeiro puxémola... En primeiro lugar o relativo **quen** en galego é invariábel sendo **quenes** un calco do español. Asimismo, esixe a anteposición do pronome. A frase correcta sería: "Os que primeiro a puxemos..."

Habere **creado**. Son case que totalmente extraños ao idioma galego os tempos compostos e moito mais ainda os formados co auxiliar **haber**. Fixémonos tamén no **-e** paragóxico, característico dalgunas zonas do país, que reproduce na escrita dalguns infinitivos e sustantivos acabados en **-r**:

coincidire, **ter**, **valore**, **habere**, mentres que non o fai noutras: **recibir**, **ser**, **escuchar**. O más habitual é suprimilos en todos os casos. **Que** **se** **non** **chame**... Este tipo de construcción é característico do portugués. A sua presencia no galego contemporáneo nace nesta época da "Irmandades", cando se intensifican, por non dizer se inician, as relacións culturais entre ambos os países. A estas relacións débese tamén a proliferación dos sufíxos **-zón**, **-za**, dos que falamos anteriormente, e as grafías arcaicas, conservadas nalgúnsas palabras portuguesas, do tipo de **nasceron**.

CARTAS E PASATEMPOS

A PROPOSITO DA NOSA INOCENTADA

Saudos:

Son un militante da AN-PG da zona de Vigo núm. VI-170. E quero facer pública proesta pola información claramente tendenciosa que ao marxe do claro partidismo do que fai gala "A Nosa Terra", chegou no número 88 do 28 de nadal ao 10 de xaneiro no especial Aninovo e Reis a causar verdadeiro noxo na nova que anunciaba a fusión do PCG co Partido Obrero Galego, P.O.G.

O peor do caso é o cínico xeito de dala, facendo gala dun "objetivismo" que pretendia facer colar.

E que conste que non teño nada personal contra o PCG, soio que bulos de semellante calibre son intolerabeis.

E más cando o obxectivo vese claro, torpedear a posible fusión co P.S.G.

Sen más, pregovos que se te des un mínimo de **ética profesional** PUBLIQUEDES A PRESENTE.

Para comechos xa temos a Voz de Galicia.

Saudos nacionalistas.

MANOEL P. GOMEZ VALDES GONZALEZ

N.º R.: Sen entrarmos nos xúcios de valor que lle merece ao noso comunicante a INOCENTADA, publicada no número correspondente ao 28 de nadal desse semanario recollendo un costume social do que a prensa tra-

diconalmente se fai eco, cómpre-nos engadir que o feito de lle dar á "nová" un tratamento similar ao dun acontecer real non é máis que a mecánica usual para que unha INOCENTADA cumpla o papel de tal, máxime cando o ruxo-ruxe que a orixina non é algo que inventásemos neste periódico galego. Agradecémoslle, eso si, que nos fixera chegar a sua opinión.

POSTURA DA "F.S.G." PERANTE O ESTATUTO

Pola sua amplitude, vimonos na obriga de resumirmos esta comunicación. De todos xeitos, coídamos que o seu espírito queda recollido neste extracto.

No Parlamento español promulgouse recién un Estatuto de Autonomía para Galicia, que a sua natureza conculturadora dos dereitos fundamentais do pobo galego como entidade nacional queda reflexada en diferentes aspectos do texto do documento institucional e nas normas transitorias para a sua implantación.

A total suxección aos dictados do Goberno español e da Xefatura do Estado, configuran unha burla e unha aldraxe á dignidade nacional de Galicia. Os galegos foron discriminados respecto dos outros pobos de España, e o pobo galego viu frustrado outra vez os desexos seculares de conseguir unha verdadeira Autonomía por aqueles que agora se disfrazan de democráticos e autonomistas.

Tal abeiración, propia dun

centralismo pechado e burocrático, amosa hasta qué punto de obsoletismo e incapacidade adoecen os sectores do oficialismo español para imprimir a dinámica e a fondura de cambeos, que a realidade española demanda, con urxencia, co fin de resolver satisfactoriamente a tordeante situación económica e a conflictividade política, herdadas do pasado franquista e que require, entre outras medidas trascendentas, unha solución efectiva do secular e agravado problema das nacionalidades históricas, viabilizando os seus inquestionábeis dereitos e reafirmando a soberanía dos seus pobos dentro do esquema democrático e moderno do Estado.

A "Federación de Sociedades Gallegas" participou do chamamento e reitera a sua decisión de seguir bregando sen acougo pola plena vixencia dos seus dereitos nacionais e democráticos, polo progreso e benestar de Galicia, e neste senso saberá estar -como o vén demostrar a sua traxectoria- a carón do seu pobo na movilización pola consecución dunha verdadeira autonomía, de obtención posibel, coídamos, se as forzas democráticas se unen por riba de banderías que lles permita, diste xeito, ser os galegos os artífices do seu próprio destino.

iQue 1980 sexa o ano da unidade de todos os galegos pola plena libertade, a democracia e a Autonomía!

"Junta Executiva da Federación de Sociedades Gallegas"
Buenos Aires.

ANUNCIOS DE BALDE

Deseño contactar con algun patriota catalán, para manter contacto sobre a situación dos "nosos" (máis cedo ou máis tarde serán nosos, de verdade) países respectivos.
Manoel P. Gómez-Valadés.
Via do Norte 14-cuarto A. T.
(986) 415373. Vigo.

Temos biblioteca moi precária e poucas posibilidades de completalá. Todos os leitores que podan ter libros en galego dous que non se sirvan, agradeceríamos que nolos enviasen. Irmandade Galega na Suiza. Cp. 433/1211. Geneve. (Suiça).

Estaria interesado en mercar caixa, timbal, bombo con pedal e CHASON tamén con pedal. Todo se non pasa das 50.000 pts. Remíxio Avendaño Novás. San Paio. Rosal Froito-46.t. 279568 - 227970. Vigo.

Comunia baixo o nome de "Cooperativa Agrícola Ganadera". Terreos mercados. Afornamos para casa, animais, infraestructura e autocorrecemento. Fálanos algo e **algunén**. 500.000 pts. de aportación. Mandarémosche os proxectos por 150 pts. de gastos de fotocópias e remesa. Non visitas. Pilar, Ignasi, Javiér. C/Valénzia-619-7-3. Barcelona-26.

Resposta a Fernando Almuíña: o noso semanario non está para publicar escritos calumniosos nen libelos. Escriba a "La Voz de Galicia", que é o seu sitio A NOSA TERRA.

12,01050

por Xoel Lois

cómo era?



é o Estatuto un camiño?

SOLUCIONS AOS XEROGLÍFICOS
NO NÚMERO SEGUINTE

A NOSA TERRA

"O SANTO ANTROIDO"

Memoria dun pasado recén

ANTONIO FRAGUAS

O Antroido, o carácter que tén é un carácter moi especial, de festa de remate dunha época e de comenza doutra. Velaí o seu nome, **introitus**, que se vai comenza outra fase, a fase da Cuaresma. A Cuaresma, hoxe case desapercibida e que noutra época era algo que non pasaba. Era a época de penitencia con arreglo á boca, en que non se comia nada de grasa, dende o Martes do Antroido ao Domingo de Pascua. Doutra banda, era o remate da primeira etapa do traballo no campo. Vai chegar a primavera.

Denantes hai que celebrar unhas cantas festas. San Brais, a festiña das Candeas, **festiña** non por pequeneira, senón por querida, que tén unha raigaña grande no noso pobo, ao sere a festa en que se alumea aos mortos dun modo especial. Inda na eirexa das Animas de aquí de Santiago, as nais que lles morreron fillos de pequeños, acenden tantas velas na misa coma fillos lle morreron.

FACER POLA VIXILIA

Chega o Antroido. E o seu senso, non era de botar a barriga de mal ano, senón botarlle o que non se vai poder botar na época que sigue. Que a cuestión da Cuaresma levábase moi estricta, e astra os perolos da cociña, os potes onde se fixera o caldo (non esquezamos o seu compoñente de carne) lavábanse ben lavados.

Sendo eu xa rapaz, os únicos días de vixilia que quedaban eran Mércoles de Cinza e os vernes todos da Cuaresma, e éstes levábanse moi recto... Lembro dunha boda onde tiyo o crego que dispensara para poder comer a carne. E astra o caso dun compaño de pensión, en Santiago, que era agnóstico e nunca lle escouei poñer un pero por non comer carne os vernes... Astra se debedia, coma todos, porque esos días adoitaban poñernos algúna lambedata...

Entón, para se un desquitar do que ia vir, estaba o antroido, no que se botaba do mellor, dende o fuciño ao rabo, "Alegria, alegriote, que anda o rabo do porco no pote". E logo, que despóis xa habería tempo de irmos "á doutrina", a troula de sempre do Antroido.

Da antigüedad do Antroido pódennos falar moitas das máscaras, que aunque o nome seña latino, hai polo medio tradicións gregas e quen sabe de cantos sitios. A festa, por suposto que trascende o Cristianismo para tras, e parece que do Mediterráneo se meteu de cara á Europa Central, que é onde hoxe persiste más ao completo. Precisamente en Bonn parece que neste tempo non se pode sair á rua do que hai que aturar, que che zumben, e non lles podes decir nada, astra que se cansen... Veleiqui o senso do disfraz, o anonimato, que para decir e facer tanta barbaridade coma se di e fai, compre que non te conoza. A vertente profana da festa consistía neso, en botar fora as paixóns e impulsos que non se podían botar no resto do ano, que era o tempo deso, pero un disfrazado, claro... Agora que, como che descubrían facendo una falcatrua... ias aviado. O de "Fulano, andiveches tras de Fulana e non che fixo caso...", ou "Fulano, andiveche tras de Fulana e té a Perengana", cousas de mocedad. As veces tamén aparecía unha persoa maior no baile, e entón xa sabía ao que se expuña. Bailar non ia, ia aturar todo o chapuzón que se lle viña enriba. Dunha vez, a un recibírano cun "¿Oiche? Anque éstes che están todos de negro, aquí non che hai mortos... Vaite, anda!". O probe do home era enterrador.

AGACHARSE NO DISFRAZ

Os disfraces son moi variados. Os disfraces de animais fálannos da orixe ancestral da festa e do carácter totémico que éste tiveron ao principio. Aparecen fuciños de can, de porco... e moitas veces, o demo, que neste tempo de tantas libertades, di a xente que "vai o demo por fora e por dentro". E logo, bueno, xa co tempo se acodou unha perfección moi grande na feitura de máscaras, que ai están as de Niza e as dos artesanos de Itália, que era de onde as importaba a Corte española. Aquí temos os cigarróns de Laza, de caretas antiquísimas e cuñas peliquínas de ovella ou coello que chaman ao totémismo antes aludido; noutras zonas, emprégase un sinxelo antifaz de pelejo de coello que sirve para lles fregare a cara ás rapazas... Os cigarróns non falan, andan correndo e bailando dun sitio para outro, ceibándose á sua maneira.

Logo os **xenerais** de Santa Cristina de Vea, coas batallas que dirixen ao non obteren "praza". Ao final, todo acaba con vivas "á Fulano", "á familia de Fulano", "á



casa de Fulano"... Os **xenerais** teñen unha fasquia que era de ver de verdade, montados no seu cabalo.

Logo hai o caso dos **mómberos** ou **antroidos**, como reclamamos dunha loita entre bandos. Era o más normal unha quitala cadanxeu mómbero representando unha persoa do sexo contrario, case sempre sobre un modelo real e que o outro bando lle tiña que arrebatar. Esta retesia, que formaba parte do divertimento, tén pola contra un fondo no pasado, non de base sexual, senón tribal, de rifa entre tribus.

MOMADAS, COMPARSAS...

Pero se o fondo do Antroido é un, e se presente caracteres comúns en todo o país, cada comarca tiña a sua celebración propia del. Na miña terra, en Cotobade, había as **momadas**, do deus Momo. Diante, uns mozos da cabalo, vestidos como fora e tocando nuns cornos. E detrás, a foliada. **Vellos, vellas, maragatos, madamitas e oficios: retratista** (daquela unha cousa nova), **limpabotas, barbeiro**, ás veces a **Garda Civil, cego...** Chegaban a un sitio, e empezaba o baile. Pero as máscaras baillaban moi pouco con cada moza, que a collían cunha corda... xa se sabe que deixar á moza no medio do baile era algo que non se podía facer... menos no Antroido. As **vellas** collían aos mozos, e ao acabar o baile, deixa o outro lugar levaban de ganchete ao mozo que fora do seu ben parecer.

Noutros sitios había **comédias**, coma as dos **xenerais**. Ou so **sermós do antroido**, que ainda se fan seica en certas zonas da Terra Chá. Un home derriba dun burro decia unhas cousas, e logo lia un sermón, no que se recollía, case sempre en plan satírico, cando de mao se tivera feito no ano, fora un home, unha localidade ou unha institución, e consellos de todo tipo. Na miña zona, chamábanlle nos **sermóns** ao Antroido o **Patriarca garrán**, que no latín dos canteiros vén querendo decir vago. Logo as **corridas do galo**, en que o galo se desprendía ao final de todos os seus atributos, que chegan desde o interior da provincia de Lugo, deira Palas de Rei, no Camiño de Santiago.

TODO ESTA REGAMENTADO

O Antroido tivo o seu calendario moi ben regamentado, el Domingo anterior xa empezaba a festa, e é o **Do-**

mingo fareleiro dalguns sitios ou **borralleiro** doutros, asígún a sustancia coa que lle foran enzoufar a cara ás rapazas... Era farelo, ou boralla peneirada, ou a feluxe das chemineas mesturada co sárrio grasento que deixan as sustancias que se cocen. O caso era estamparlle na cara os dedos ben "provistos" e deixarlle nela as barra de Aragón... Os xoves de **comadres** ou de **compadres** eran maiormente para as lirtas entre mozos e mozas de que falamos antes, e tamén dia de xuntarse e andar de compadreos, as fartas de filloas, etc. E logo, xa viña o propio **Antroido**.

As comparsas moitas tén habido e sonadas. No rural as farsas "Da Casa de Naia" ou a "Matanza do Porco", da banda dereita da Ulla, toda unha comedia desque se saia mirar de qué sitio viña o ar astra que o "porco" estoupaba por un petardo que ia dentro del (o "bicho" era de cartón, claro). Ou nas cidades, das que eu lembro as comparsas de Pontevedra: Houbera duas que deixaran auténtica sona, como no Antroido de 1876, cando forá a "Chegada do Urco a Pontevedra" ou aquela outra que se celebraría o enterro do Ioro do popular e lembrado faraceútico don Perfeito Feixón...

Hoxe, con sás de festas cómodas á sua disposición, a mocedad parece non ter moitos azos para se meter a **dar saltos**. No rural, onde máis se conserva, a falla de mozo é penosa, e nas cidades, pouco máis que os bailes de máscaras das sociedades quedan. Pero o Antroido superou trabas e prohibicións pasadas, cando eu lembro que no Instituto de Lugo dabamos vacacións "para facer limpeza xeral", e ainda non morreu de todo. Abonda con que cincuenta persoas se poñan daco, forman duas comparsas, e a correr o **Antroido!!!**

N. de R. - No artigo publicado na anterior edición de A NOSA TERRA sob o título "A Agricultura Soviética" e por mor dun fallo na grabación, no apartado PRODUCCION onde pón "A URSS ocupa o primeiro lugar no mundo na producción de carne..." debería por "A URSS ocupa o primeiro lugar no mundo na producción de remolacha azucareira e algodón. Observase un incremento digno na producción de carne, leite e os seus derivados, hortalizas, etc."